



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 3

Unidade didáctica 10

Gramática da lingua

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	A puntuación e a cohesión textual. Normas de acentuación.....	6
2.1.1	A puntuación e a cohesión textual	6
2.1.2	Acentuación.....	12
2.2	Morfoloxía. As categorías gramaticais	18
2.2.1	Substantivo, adxectivo	19
2.2.2	Determinantes	27
2.2.3	Pronomes	36
2.2.4	Verbo.....	44
2.2.5	Adverbio, preposición, conxunción.....	53
2.3	Semántica	60
2.3.1	Sinonimia y antonimia	60
2.3.2	Homonimia y polisemia	61
2.3.3	Campo semántico y campos conceptuales.....	62
3.	Resumo de contidos	64
4.	Actividades complementarias.....	66
4.1	Actividades en lingua galega.....	66
4.2	Actividades en lingua castellana	68
5.	Solucionario.....	69
5.1	Solucións das actividades propostas	69
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	75
5.2.1	Actividades en lingua galega.....	75
5.2.2	Actividades en lingua castellana.....	77
6.	Anexo	79
6.1	O sistema verbal da lingua galega	79
6.2	El sistema verbal de la lengua castellana	81
7.	Bibliografía e recursos	84
8.	Anexo. Licenza de recursos	88

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

Esta unidade titúlase *Gramática da lingua*. Nela ocupámonos de contidos de tipo ortográfico, morfolóxico e semántico. O obxectivo non é tanto que asimile unha serie de conceptos teóricos ou de regras ortográficas como que as empregue á hora de elaborar as propias producións orais e escritas.

A unidade consta dunha serie de contidos teóricos que deberá ler e assimilar como paso previo á realización das actividades que se ofrecen. Antes destas figura sempre unha actividade resolta. Ao final do tema dispón dunha serie de exercicios complementarios na mesma orde na que aparecen no corpo teórico.

Algúns contidos dos presentados nesta unidade son comúns ás linguas galega e castelá. É o caso de determinadas convencións ortográficas, da teoría relativa ás clases de palabras ou aos aspectos semánticos. Dado que as dúas linguas integran en pé de igualdade o módulo da comunicación, non semella necesario repetir aquilo que é común. Daquela, ofrécese nun dos idiomas e faise fincapé, no caso de existiren, nas diferenzas. As actividades aparecen en ambas as linguas.

1.2 Coñecementos previos

Está vostede ante unha unidade do módulo 3. Daquela, os contidos que se ofreceron nos dous módulos anteriores hanlle ser de moita axuda para se poder enfrontar aos que agora presentamos. Así a todo, dado que é posible que vostede se estea a incorporar á educación secundaria para persoas adultas por primeira vez, neste módulo, a xeito de repaso, ofrecemos unha revisión deses contidos como paso previo para afondar nos novos.

Recomendamos que siga a facer uso do dicionario para enriquecer o seu vocabulario e que dedique un tempo cada día á lectura de diferentes tipos de textos para assimilar os contidos que está a estudar. Para facilitarlle este traballo, entre outras, as páxinas web da RAG e da RAE dispoñen de senllos dicionarios.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

O mesmo ca en módulos anteriores, propoñemos revisar atentamente os contidos teóricos que se ofrecen e, deseguido, realizar as actividades propostas e complementarias. Dispón de actividades resoltas en cada un dos apartados para facilitarlle o seu traballo.

A competencia comunicativa dunha persoa facilitará unha mellora da súa autoestima e unha máis doada inserción e participación social. Igualmente, propiciará o exercicio dunha cidadanía máis activa e crítica.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Ofrécese aquí unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 9. Comunicación oral

O tempo que se lle debería dedicar á preparación desta unidade sería de tres semanas.

Unha primeira centraríase na realización das actividades dos bloques 2.1. e 2.2. e na posta en práctica dalgunha exposición oral e dalgún debate. Unha segunda semana estaría dedicada ao estudo dos contidos teóricos do bloque 2.3. e á elaboración dos exercicios propostos. A terceira semana completaríaase coa realización dos exercicios do bloque 2.4., xa que está composto duns apartados con contidos fundamentalmente prácticos e de reflexión persoal.

Unidade 10. Gramática da lingua

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de revisalos, pero tamén de afondar neles. Ocuparémonos da puntuación, da acentuación, da morfoloxía e da semántica. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.; na segunda e na terceira ocupárase do apartado 2.2; na cuarta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 11. Comunicación escrita

Esta unidade versará sobre contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de repasar e afondar neles. Mais tamén ha de servir para introducir nestes temas ao alumnado que se incorpora agora ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira e a segunda semana estarían destinadas a desenvolver o apartado 2.1.; na terceira ocupárase dos apartados 2.2 e 2.3; na cuarta, do apartado 2.4. Recomendamos que dedique un mínimo de tres horas semanais ao traballo a cada apartado desta unidade.

Unidade 12. Educación literaria

Debido á extensión dos contidos desenvolvidos na unidade, será preciso dedicar á súa explicación e organización un total de 4 semanas. Tamén na casa, deberá destinar varias sesións máis ao estudo dos diferentes períodos e autores.

As dúas primeiras semanas aplicaranse á organización dos textos e autores da literatura galega, dende as súas orixes ata finais do século XIX, e as dúas semanas restantes farase outro tanto coa literatura en lingua castelá.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 A puntuación e a cohesión textual. Normas de acentuación

Neste módulo imos realizar unha revisión das principais normas que rexen o uso dos signos de puntuación e dalgunhas grafías. Case toda a información ofrecida está xa presente nos módulos 1 e 2, pero debe vostede reforzala neste módulo 3.

2.1.1 A puntuación e a cohesión textual

Podemos diferenciar tres tipos de signos de puntuación:

- **Signos de pausas:** serven para dar coherencia ao discurso e facilitan a súa lectura. Son a coma, os dous puntos, o punto e coma e o punto.
- **Signos de apoio:** serven para marcar información nova no texto. Son as parénteses e os guións.
- **Signos de entoación:** serven para indicar o tipo de enunciado de que se trata. Son os signos de interrogación, de exclamación e as comiñas ou aspas.

Uso do punto

O punto supón unha pausa longa no discurso; marca o final dunha oración ou dun enunciado completo. Despois deste signo sempre se utiliza letra maiúscula.

Repase o uso das maiúsculas nos seguintes enlaces:

<http://lema.rae.es/dpd/srv/search?id=BapzSnotjD6n0vZiTp>

https://wikidog.xunta.gal/index.php/Mai%C3%BAscula_e_min%C3%BAscula_en_inicial_de_palabra

Diferenciamos tres tipos:

- **Punto e seguido:** utilízase para separar entre si oracións dentro do mesmo parágrafo.
- **Punto e á parte:** utilízase para marcar o final dun parágrafo.
- **Punto final:** marca o final dun escrito.
- Tamén utilizamos punto:
 - Despois das abreviaturas: Sr.

- Para separar a parte decimal dos números (tamén se acepta a coma, pero considérase menos recomendable): 1.25.
- Para separar, cando se escriben con número, o día, mes e ano: 30.03.2016.
- Para separar, cando se escriben con número, as horas dos minutos: son as 12.15 horas.
- Nunca debe usar punto:
 - Diante dun signo de peche de comiñas, parénteses, corchetes...
 - Nos símbolos, acrónimos e siglas: m, kg, ESA...
 - Despois dos signos de interrogación e admiración: que calor vai hoxe!
 - Nas cifras que expresen anos, números de orde, números de teléfono etc.: 1986.
 - Ao final dos títulos de libros ou titulares de periódicos: Castelao representou por vez primeira Os vellos non deben de namorarse en Buenos Aires.

Uso da coma

A **coma** representa unha pausa breve dentro da oración. Emprégase nos casos seguintes:

- Para introducir aclaracións, incisos ou ampliacións: Santiago de Compostela, capital de Galicia, é un centro de peregrinaxe.
- Para separar elementos nunha enumeración: no museo da cidade hai moitos elementos de interese: cadros, esculturas, restos romanos e doutras épocas. O último elemento relaciónase cunha conxunción (e, ou, nin).
- Para diferenciar os vocativos do resto do enunciado: pequenos, non quero os xoguetes enriba da cama.
- Para indicar que o verbo está omitido: eu fun a Compostela e eles, a Ourense.
- Diante de oracións introducidas por conxuncións tales como pero, mais, aínda que, senón (que), conque, así que, de maneira que, logo, porque, pois, posto que, xa que, dado que... Exemplo: marcha se queres, pero logo non te queixes.
- Para enmarcar conectores tales como é máis, igualmente, é dicir, isto é, así pois, agora ben... Exemplo: os meus amigos estudan ao amencer, é dicir, érguense ás cinco da mañá.
- Para separar lugar e data na cabeceira ou pé de cartas, formularios etc.: Lugo, 29 de agosto de 2016.
- Para separar o nome da rúa, número e andar: vive na rúa Maior, 4, 2º.

- Antes da oración principal cando a subordinada vai ao principio: cando chegues á praia, avísame.
- Despois da palabra etcétera ou da súa abreviatura (etc.) e despois dos puntos suspensivos cando a oración continúa: compramos camisas, pantalóns, medias, etc., porque estabamos sen roupa; compramos camisas, pantalóns, medias..., porque estabamos sen roupa.
- Nunca debe usar coma:
 - Entre o suxeito e o predicado dunha oración, agás cando entre eles se introduce unha explicación: Manuel, que rematou os estudos hai pouco, está comezando a buscar traballo (as comas marcan unha explicación); diferente é o caso de Manuel está comezando a buscar traballo (neste caso non hai ningunha explicación e nunca pode usar a coma despois do suxeito).
 - Entre o verbo e o seu complemento directo: comprei a última novela de Manolo Rivas (non se pode utilizar coma entre o verbo e a última novela de Manolo Rivas).

Uso do punto e coma

Indica unha pausa maior á marcada pola coma e menor á que establece o punto. A palabra que segue a este signo de puntuación escríbese en minúscula. Utilízase nos seguintes casos:

- Para separar oracións que tratan a mesma idea dentro do parágrafo: suspendín a proba; non tivera tempo de preparala.
- Para separar elementos dunha enumeración que xa inclúe comas: fun a Vigo o sábado; a Madrid, o luns e a Toledo, o martes.
- Diante de conectores tales como pero, porén, por conseguinte..., cando encabezan oracións de certa lonxitude: traballamos intensamente todo o verán; porén, os resultados foron mediocres.

Uso dos dous puntos

Este signo de puntuación ten como función fundamental chamar a atención sobre a información que vai despois del. Utilízase nos seguintes casos:

- Precede unha enumeración de carácter explicativo: onte visitamos dous museos: o Museo do Pobo Galego e o Museo Provincial de Lugo.
- Precede unha reprodución literal de palabras ou unha cita: o profesor dixo: “Imos realizar a proba”.

- Tras o saúdo en cartas e documentos: “Querido Tomás:”.
- Pode separar unha exemplificación do resto da oración: Comportouse dun xeito moi raro: regresou aos cinco minutos sen dar explicación ningunha.
- Pode substituír conectores para marcar relacións tales como causa-efecto, consecuencia, explicación: está en paradoiro descoñecido: Non podemos entregarlle a documentación (substitúe un conector consecutivo).
- Alterna co punto para separar a expresión de horas e minutos: Son as 13.30/13:30.
- Nunca se debe usar este signo de puntuación entre unha preposición e os substantivos que introduce: **Compramos libros de: Rosalía, Curros e Pondal.* Neste caso, malia existir unha enumeración, a puntuación correcta é: *Compramos libros de Rosalía, Curros e Pondal.*

Uso dos puntos suspensivos

A súa función fundamental é deixar o discurso en suspenso. Utilízanse nos seguintes casos:

- Para marcar unha pausa transitoria no discurso que expresa dúbida, temor, vacilación ou suspense: se eu che contase...
- Para marcar unha interrupción voluntaria no discurso porque a información restante se considera xa coñecida: amiguiños somos, pero... non che hei baixar un can do prezo que che dei.
- Para evitar expresións ou palabras malsoantes: es un...
- Ao final dunha enumeración aberta, en alternancia coa palabra etcétera: visitamos moitas vilas galegas: Allariz, Celanova, Ribadeo...
- Escritos entre parénteses ou corchetes, indican a omisión dunha parte do texto: “Esa enorme tristeza (...) volveu demostrar que os xornalistas non sabemos tratar a dor”.

Uso dos signos de interrogación e exclamación

Representan na escrita a entoación interrogativa ou exclamativa dun enunciado. En lingua castelá utilízanse para abrir e fechar ese enunciado; en lingua galega recoméndase utilízalos unicamente ao final deste. Tras o signo de peche non se pode utilizar o punto.

- ¡Qué frío hace siempre en esta ciudad!
- Que frío vai sempre nesta cidade!

Uso das parénteses

Utilízanse para inserir nun enunciado unha información complementaria. Aparecen, basicamente, nos seguintes casos:

- Alternan coas comas e as raias para marcar incisos: *as sesións do Consello de Ministros (adoitan celebrarse os venres) preceden a intervención do voceiro do executivo.*
 - Para intercalar informacións tales como datas, lugares, desenvolvemento de siglas etc: *naceu a fins do século XVIII en Betanzos (A Coruña).*
 - Nas reproducións de citas textuais utilízanse tres puntos entre parénteses para marcar a omisión dunha parte do texto.
 - Nas obras teatrais marcan as notacións e os apartes dos personaxes.
- Os corchetes úsanse de xeito similar ás parénteses.

Uso da raia e guión

A raia é un signo de puntuación representado por un trazo horizontal, de maior lonxitude ca o guión. Úsase nos casos seguintes:

- Ao igual que as comas ou parénteses, encerra explicacións ou incisos: *a puntualidade –cualidade que valoro especialmente– é algo sagrado.*
 - Na reprodución dun diálogo precede as palabras dos interlocutores.
 - Enmarcan os comentarios do transcritor dunha cita textual ou os comentarios do narrador ás palabras dos personaxes: *“É fundamental – dixo miña irmá– que remates o traballo na casa antes de marchares”.*
- O guión, de menor lonxitude, utilízase para unir palabras ou para separalas ao final dunha liña: *Tratado Franco-Prusiano.*

Uso das comiñas ou aspas

Este signo presenta formatos distintos: simples (”), inglesas (”) ou angulares («»). Utilízase nos seguintes casos:

- Enmarcan a reprodución de citas textuais: *meu irmán dixo: “Marcho agora mesmo”.*
- Marcan o uso na oración dunha palabra considerada vulgar, inapropiada, un estranxeirismo, ou ben un termo usado con sentido irónico: *sempre fuches moi “gracioso”.*

- Enmarcan o título dun poema, dun capítulo, dun artigo ou, en suma, unha parte dunha publicación: o poema “Adiós ríos, adiós fontes” foi escrito por Rosalía.

As normas de puntuación para a lingua castelá son idénticas ás presentadas para o galego.

Actividad resuelta

Explique la diferencia de significado que existe entre las oraciones que se proponen:

Actuó como estaba previsto: realizó las acciones esperables.	Actuó, como estaba previsto: indica que, efectivamente actuó, pero nada nos dice de la actuación.
Se mataron entonces, por amar demasiado la vida: tiene un significado temporal.	Se mataron, entonces, por amar demasiado la vida: tiene un significado consecutivo.
No sé cantar, bien lo sabes: afirma la falta de pericia para cantar y alude a que el interlocutor es conocedor de esa realidad.	No sé cantar bien, lo sabes: indica que no sabe cantar “bien”, pero puede saber hacerlo mal; mantiene el valor de que el interlocutor es conocedor de la situación.

Actividades propostas en galego

S1. Realice as actividades sobre puntuación que se ofrecen no enlace seguinte:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm#15

S2. Coloque no texto que figura a continuación as comas e os signos de interrogación:

Se cadra tiña frío el non sabía o tempo que levaba na auga. Ou había algo máis. Saiu canda ela. Almorzaron sen perderen tempo. Malaika non estaba moi locuaz e os intentos de Szymo para establecer conversa foron atallados con algún monosílabos que non deixaron lugar a dúbidas. Despois recolleron o campamento con rapidez. O rapaz estudaba o comportamento de Malaika buscando significados en cada xesto. En aparencia todo estaba ben máis ou menos coma sempre e ese era o problema. As cousas non deberían seguir igual despois do de onte. Ou si.

NÚÑEZ SINGALA, M. *Camiños na auga*, Galaxia, Vigo, 2016. páx. 111.

Actividades propuestas en castellano

S3. Realice las actividades que se proponen en el siguiente enlace:

<https://www.educ.ar/recursos/15264/los-signos-de-puntuacion-punto-coma-y-punto-y-coma>

S4. Corrija los errores existentes en la puntuación de las siguientes oraciones.

Explique el error:

- Gran parte de la población vive con dificultades, y mientras tanto, ellos evaden impuestos.
- Quien haya hecho eso, debe asumir sus responsabilidades.
- La mujer herida y asustada, pedía ayuda.
- Es fundamental entiendo yo ejercer una ciudadanía responsable.

2.1.2 Acentuación

El acento prosódico o fonético indica la mayor intensidad con que se pronuncia una sílaba dentro de la palabra. Esa es la sílaba tónica; las restantes serán las átonas.

Según el lugar que ocupa la sílaba tónica en las palabras polisílabas diferenciamos:

- Palabras agudas: la sílaba tónica es la última.
- Palabras llanas: la sílaba tónica es la penúltima.
- Palabras esdrújulas: la sílaba tónica es la antepenúltima.
- Palabras sobresdrújulas: la sílaba tónica es alguna anterior a la antepenúltima.

Se acentúan en los siguientes casos:

- Agudas acabadas en vocal, -n, -s: *canción*.
- Llanas acabadas en consonante distinta de -n o -s: *lápiz*. También se acentúan si acaban en -s precedida de consonante (*bíceps*) o en -y: *póney*.
- Esdrújulas y sobresdrújulas, siempre: *húmedo*.
- Las palabras monosílabas (excepto en los casos de acento diacrítico) nunca llevan tilde: *sol, luz, mar, pan...*

Palabras con diptongo

En castellano los diptongos se acentúan siguiendo las normas generales de acentuación: *bebéis* (aguda acabada en -s). La tilde se coloca en los diptongos de acuerdo a las reglas siguientes:

- Diptongo formado por vocal abierta y vocal cerrada (en este orden o en orden inverso): se coloca la tilde sobre la vocal abierta (*adiós*).
- Diptongo formado por dos vocales cerradas: se coloca la tilde sobre la segunda (*interviú*).

Palabras con triptongo

A efectos de acentuación se considera triptongo cualquier combinación de una vocal abierta entre dos vocales cerradas siempre que ninguna de estas sea tónica: *confiáis, vieira*. Las palabras con triptongo siguen las reglas generales de acentuación y la tilde recae siempre en la vocal abierta: *habituáis*.

Palabras con hiato

A efectos de acentuación gráfica se consideran hiatos las siguientes combinaciones de vocales:

- Dos vocales iguales: *poseer*.

- Dos vocales abiertas: *teatro*.
- Vocal cerrada tónica + vocal abierta átona o vocal abierta átona + vocal cerrada tónica: *acentúa, transeúnte*.

Las palabras formadas por dos vocales iguales o por dos vocales abiertas siguen las reglas generales de acentuación. Así, *Jaén* lleva acento por ser aguda acabada en –n pero *poeta* no lo lleva por ser llana terminada en vocal.

Las palabras con hiato resultante de vocal cerrada tónica + vocal abierta átona, y viceversa, siempre llevan tilde sobre la vocal cerrada: *dúo, cafeína, oír*. La presencia de una –h- intercalada no impide el acento: *prohíbe*.

Tilde diacrítica

Es el acento gráfico que permite diferenciar palabras con idéntica forma que pertenecen a distintas categorías gramaticales. En el siguiente cuadro encontrará los monosílabos que se escriben con acento diacrítico en castellano:

▪ De	▪ Preposición: <i>viene de Ourense</i>. ▪ Sustantivo (nombre de la letra): <i>dado se escribe con de</i>.	▪ Dé	▪ Verbo DAR: <i>no me dé lo que no he pedido</i> .
▪ El	▪ Artículo: <i>el chico se ha ido</i> .	▪ Él	▪ Pronombre persona: <i>él se ha ido a América</i> .
▪ Mas	▪ Conjunción adversativa: <i>iría, mas no tengo tiempo</i> .	▪ Más	▪ Adverbio: <i>es más travieso que su hermana</i>. ▪ Conjunción con valor de adición: <i>tres más tres son seis</i>. ▪ Sustantivo: <i>en esta suma falta el más</i>.
▪ Mi	▪ Posesivo: <i>mi casa está en Lugo</i>. ▪ Sustantivo: <i>el compás comienza con un mi</i>.	▪ Mí	▪ Pronombre personal: <i>eso no es para mí</i> .
▪ Se	▪ Pronombre: <i>no se lava</i>. ▪ Indicador de impersonalidad o pasiva refleja: <i>se vive bien aquí</i>.	▪ Sé	▪ Verbo SER o SABER: <i>no sé la lección</i> .
▪ Si	▪ Conjunción: <i>si vienes, te lo digo</i>. ▪ Sustantivo: <i>afinó la cuerda en si</i>.	▪ Sí	▪ Adverbio de afirmación: <i>me ha respondido que sí</i>. ▪ Pronombre reflexivo: <i>lo ha dicho para sí</i>. ▪ Sustantivo (aprobación): <i>su respuesta ha sido un sí</i>.
▪ Te	▪ Pronombre personal: <i>no te he visto</i>. ▪ Sustantivo (nombre de la letra): <i>"Tormes se escribe con te"</i>.	▪ Té	▪ Sustantivo: <i>no me gusta el té, prefiro el café</i> .
▪ Tu	▪ Posesivo: <i>tu casa está muy lejos</i> .	▪ Tú	▪ Pronombre personal: <i>tú has respondido de malos modos</i> .

Interrogativos y exclamativos

Las palabras *adónde, cómo, cuál, cuán, cuándo, cuánto, dónde, qué* y *quién* cuando tienen valor interrogativo o exclamativo llevan tilde, tanto si se trata de interrogativas directas como indirectas:

- *¿Qué has dicho?*
- *No sé qué has dicho.*

Demostrativos

Con anterioridad al año 2010, la Real Academia Española prescribía el uso de la tilde en los demostrativos que funcionaban como pronombres para diferenciarlos de los casos en que lo hacían como determinantes. Esta diferenciación desaparece en la *Ortografía* que la RAE publica en la fecha mencionada; por ello, nunca se coloca tilde en los demostrativos: *me lo han dicho aquellos*.

Solo

Esta palabra, con independencia de que se trate de un adverbio (equivalente a solamente) o un adjetivo, no lleva tilde. Desde la reforma ortográfica de la Real Academia Española de 2010 solo se puede colocar acento en esta palabra para diferenciar su categoría gramatical en casos de ambigüedad, pero, incluso en esos casos, se recomienda optar por el uso de la forma *solamente*:

- *Está solo en casa (adjetivo)*.
- *Solo sé que no sé nada (adverbio)*.

Aún/aun

- Lleva tilde cuando puede sustituirse por “todavía” tanto con valor temporal como intensivo: *no han llegado aún*.
- No lleva tilde cuando se utiliza con el significado “hasta” “también” “incluso”: *vinieron todos, aun los antiguos alumnos*.

Tilde en la conjunción “o”

Hasta el año 2010 se recomendaba colocar tilde sobre la conjunción “o” para evitar la confusión con el número “0” cuando se escribía entre cifras. Esta recomendación desaparece en la ortografía publicada por la RAE en la fecha mencionada; por lo tanto, no se coloca nunca tilde sobre esta conjunción con independencia del contexto en el que aparezca: *vienen 500 o 600 participantes*.

Otros usos

- Las palabras compuestas escritas sin guion siguen las reglas de acentuación de las palabras simples: *dieciséis* (lleva acento por ser una palabra aguda terminada en –s).

- Las palabras compuestas unidas por guion conservan el acento que poseen cada una por separado: *hispano-árabe*, *técnico-administrativo*.
- Los adverbios en *-mente* llevan acento si lo posee el adjetivo del que derivan: *cómodamente*.
- El conjunto formado por verbo y pronombre personal átono pospuesto funciona a efectos de acentuación como una única palabra y sigue las reglas generales de acentuación: *espera pero espéranos*.
- Palabras extranjeras: las palabras extranjeras no adaptadas a la ortografía y pronunciación del castellano no siguen las reglas de acentuación (*gin-tonic*); por el contrario, las que sí se han adaptado deben seguir las reglas generales de acentuación (*interviú*).

Puede completar la información que aquí se ofrece en los enlaces siguientes:

http://www.rae.es/sites/default/files/Principales_novedades_de_la_Ortografia_de_la_lengua_espanola.pdf

<http://aplica.rae.es/orweb/cgi-bin/buscar.cgi>

http://www.rae.es/sites/default/files/1ortografia_espanola_2010.pdf

https://campusvirtual.ull.es/ocw/pluginfile.php/4162/mod_resource/content/0/OA_Tilde_e/compendio_de_reglas_de_acentuacin.html

Acentuación en lingua galega

As regras xerais de acentuación son idénticas para a lingua galega. Malia isto, debemos facer fincapé nas diferenzas existentes entre as dúas linguas que se concretan nos casos seguintes:

- Nunca se acentúan en galego as palabras rematadas en ditongo decrecente: *despois...*

REGLAS DE ACENTUACIÓN

El acento es la mayor intensidad de voz con que se pronuncia una sílaba dentro de una palabra. Según el lugar que ocupe esta sílaba (llamada sílaba tónica), las palabras se clasifican en:

AGUDAS

Son aquellas cuya acento recae en la última sílaba: *cant-ar* *ac-tor* *ac-ti-tud*
 - Llevan tilde cuando terminan en **VOCAL, -N, -S**:
ca-lá *es-tás* *ca-ra-zón*

LLANAS

Son aquellas cuya acento recae en la penúltima sílaba: *me-sa* *an-tes* *di-bu-jo*
 - Llevan tilde cuando terminan en **CONSONANTE** excepto **-N, -S**:
lá-piz *cár-cel* *a-xu-car* *ár-bal*

ESDRÚJULAS

Son aquellas cuya acento recae en la antepenúltima sílaba: *pá-ja-ro* *ó-ni-co* *te-rá-fo-no*
 - Llevan tilde **SIEMPRE**:
rá-pi-do *ó-la-ba* *bo-ll-gro-fo* *ma-le-má-ti-cas*

SOBRESDRÚJULAS

Son aquellas cuya acento recae en la sílaba situada antes de la antepenúltima: *eó-me-te-lo*
 - Llevan tilde **SIEMPRE**:
dé-ja-me-lo *quí-to-se-lo* *cóm-pro-te-la*

DIPTONGOS

Son secuencias de dos vocales que pertenecen a la misma sílaba.
 Existen dos tipos de diptongos:

- vocal abierta + vocal cerrada (o viceversa)
AEO + **IU** *ai-re* *pre-mio*
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la vocal abierta.
can-ci-ón *can-cio-nes*
- vocal cerrada + vocal cerrada
IU + **IU** *ciu-dad* *fui-mos*
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la segunda vocal.
cui-da-le *cui-da-do*

HIATOS

Son secuencias de dos vocales que pertenecen a sílabas diferentes.
 Existen tres tipos de hiatos:

- vocal abierta + vocal abierta
AEO + **AEO** *te-a-tro* *mu-se-o*
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales.
hé-ra-e *de-se-o*
- dos vocales iguales
AA, EE, II, OO, UU *le-er* *zo-o-lo-ga*
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales.
- vocal cerrada tónica + vocal abierta (o viceversa)
IU + **AEO**
 - Llevan tilde siempre en la vocal débil, independientemente de las reglas generales.
pa-lis *di-a* *e-ga-lis-mo*

TRIPTONGOS

Son secuencias de tres vocales que pertenecen a la misma sílaba.
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la vocal abierta.
ee-lu-di-ás *a-pre-ci-ás*

Recuerda: Las monosílabos **NO** se acentúan. Las mayúsculas **SÍ**.

TILDE DIACRÍTICA

Sirve para distinguir palabras de igual forma pero con distinto significado.

MONOSÍLABOS

mi - mí	pronombre - posesivo
tú - tu	pronombre - posesivo
el - él	pronombre - artículo
si - sí	pronombre o afirmación - condicional
te - té	infusión - pronombre
de - dé	verbo dar - preposición
se - sé	verbo ser o saber - pronombre, marca impersonal...
más - mas	comparativo o suma - pero

INTERROGATIVOS: Se escriben con tilde cuando tienen valor interrogativo o exclamativo.

quién	cuánto
cómo	dónde
qué	cuál
cuándo	cuán

Lengüete
 Y OFICINA LINGÜE

- A secuencia formada por dúas vogais cerradas considérase en castelán un ditongo; en galego, pola contra, considérase un hiato cando o golpe de voz vai na segunda vogal e leva acento: *viúva*...
- Nunca se acentúan os interrogativos e exclamativos nin os adverbios rematados en *–mente*.
- As palabras que levan acento diacrítico son, obviamente, diferentes. No cadro que figura a seguir aparecen recollidos os acentos diacríticos que se usan no galego:

▪ á (a preposición + a artigo; substantivo)	▪ a (artigo; pronome; preposición)
▪ ás (a preposición + as artigo; substantivo)	▪ as (artigo; pronome)
▪ bóla (substantivo “esfera”)	▪ bola (substantivo “peza de pan”)
▪ cá (ca conxunción comparativa + a artigo)	▪ ca (conxunción comparativa)
▪ cás (ca conxunción comparativa + as artigo)	▪ cas (preposición)
▪ chá (substantivo e adxectivo “plana/chaira”)	▪ cha (contracción dos pronomes <i>che</i> + <i>a</i>)
▪ chás (substantivo e adxectivo “planas/chairas”)	▪ chas (contracción dos pronomes <i>che</i> + <i>as</i>)
▪ có (ca conxunción comparativa + o artigo)	▪ co (con preposición + o artigo)
▪ cós (ca conxunción comparativa + os artigo; substantivo)	▪ cos (con preposición + os artigo)
▪ cómpre (verbo “é mester”)	▪ compre (verbo “merque”)
▪ cómpren (verbo “son mester”)	▪ compren (verbo “merquen”)
▪ dá (presente e imperativo de <i>dar</i>)	▪ da (de preposición + a artigo)
▪ dás (presente de <i>dar</i>)	▪ das (de preposición + as artigo)
▪ dó (substantivo “compaixón”)	▪ do (de preposición + o artigo)
▪ é (presente de <i>ser</i>)	▪ e (conxunción)
▪ fóra (adverbio)	▪ fora (pluscuamperfecto de <i>ser</i> e <i>ir</i>)
▪ má (adxectivo “ruín”)	▪ ma (contracción dos pronomes <i>me</i> + <i>a</i>)
▪ más (adxectivo “ruíns”)	▪ mas (contracción dos pronomes <i>me</i> + <i>as</i>)
▪ máis (adverbio e pronome)	▪ mais (conxunción)
▪ nó (substantivo)	▪ no (contracción de <i>en</i> preposición + o artigo)
▪ nós (pronome tónico; plural de <i>nó</i>)	▪ nos (pronome átono; contracción de <i>en</i> preposición + os artigo)
▪ ó (a preposición + o artigo)	▪ o (artigo; pronome)
▪ ós (a preposición + os artigo)	▪ os (artigo; pronome)
▪ óso (substantivo “do esqueleto”)	▪ oso (substantivo “animal”)
▪ pé (substantivo “parte do corpo”)	▪ pe (substantivo “letra”)
▪ póla (substantivo “rama”)	▪ pola (substantivo “galiña”; contracción de <i>por</i> preposición + a artigo)
▪ pór (verbo “poñer”)	▪ por (preposición)
▪ présa (substantivo “apuro”)	▪ presa (substantivo “prendida”; “presada”)
▪ sé (substantivo “sede eclesiástica”; imperativo de	▪ se (conxunción; pronome)

ser)	
▪ só (adverbio e adxectivo)	▪ so (preposición)
▪ té (substantivo "infusión")	▪ te (pronome; substantivo "letra")
▪ vén (presente de vir)	▪ ven (presente de ver; imperativo de vir)
▪ vés (presente de vir)	▪ ves (presente de ver)
▪ vós (pronome tónico)	▪ vos (pronome átono)

Pode completar a información que aquí se ofrece nos enlaces seguintes:

<http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortográficas+e+morfolóxicas+do+idioma+galego.pdf>

http://wikidog.xunta.es/index.php/Acentuaci%C3%B3n_gr%C3%A1fica

Actividade resolta en galego

Explique, con exemplos, a diferenza de significado entre: coa/ca/cá; vén/ven; vós/vos; nós/nos.

- **Coa:** con + a: fun coa miña irmá á festa; ca = conxunción comparativa: tes máis cartos ca min; cá = conxunción comparativa + artigo feminino: ten máis cartos cá súa curmá (ca a súa curmá).
- **Vén:** verbo vir, presente de indicativo: el vén todas as tardes á nosa casa; ven: presente de ver ou imperativo de vir: ven connosco cando queiras; eles ven o partido no bar.
- **Vós:** pronome persoal tónico, úsase como suxeito, atributo ou despois dunha preposición: vós non sodes de Lugo; vos = pronome persoal átono, funcionará como complemento: non vos vin na tenda.
- **Nós:** pronome persoal tónico, úsase como suxeito, atributo ou despois dunha preposición: nós non imos mañá; nos = pronome persoal átono, funcionará como complemento: non nos deron o que pedíamos.

Actividad resuelta en castellano

Justifique la acentuación de las palabras presentes en el siguiente texto:

La tildación es, para muchos, motivo de dudas y vacilaciones a lo largo de su formación educativa. Algunos optan por una posición defensiva y conformista llegando a decir que «cada quien escribe como le da la gana», otros creen que la computadora se constituye en la solución a sus problemas; pero quienes han tenido la oportunidad de hacer un análisis crítico de lo que han escrito, habrán podido comprobar que quien decide es el redactor. (Veamos dos situaciones: qué hacer, por ejemplo, en el caso de palabras similares que cambian de significado gracias a la posición del acento como *hábito*, *habito*, *habitó*, aquí quien escribe decide; en el caso de la tildación diacrítica se puede requerir un *él* pronombre o un *el* artículo, y la computadora «no sabría» por cuál optar. Así podríamos presentar muchos ejemplos que señalan que el redactor es el único capaz de precisar el significado que quiere dar a las palabras en un texto).

http://sisbib.unmsm.edu.pe/BibVirtual/Tesis/Human/Portilla_D_L/propuesta.htm

- Palabras agudas acabadas en –n o vocal: tildación, formación, posición, solución, habrán, *habitó*, aquí, así.
- Palabras esdrújulas: análisis, crítico, *hábito*, diacrítica, artículo, único.
- Hiatos: *sabría*, *podríamos*.
- Diacríticos: *qué*, *cuál* (interrogativos), *él* (pronombre personal).

Actividades propostas en galego

S5. Realice as actividades de acentuación en galego que se propoñen no enlace seguinte:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm#13

S6. Poña os acentos diacríticos que faltan:

- Compre ben estudar tres ou catro horiñas.
- Díxome que fora el o que saíra fora para ver se te vía.
- Dame unha bola de billar e ven botar unha partidiña.
- O oso tropezou na pola do piñeiro e rompeu un oso da pata.
- Por aí ven teu irmán. Non o ves?
- Ven a miña casa e explícoche como se fan os nos mariñeiros.
- As polas da maceira saen fora da nosa horta; compre podalas un pouco.
- Ves ou non ves ao cine? Decídete axiña que temos moita presa.
- A nos non nos gustan as películas de terror, e a vos?

https://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/aulavirtual2/pluginfile.php/18353/mod_resource/content/1/reforzo3%C2%BA.pdf

Actividades propostas en castellano

S7. Acentúe en las siguientes oraciones las palabras que lo precisen:

- No había anochecido aun y ya tenía sueño.
- No llegara a su nivel ni aun entrenando a fondo.
- ¿Como se entiende lo que ha dicho?
- Aquellos momentos fueron muy agradables; es indiferente que el me de o no la razón.

S8. Realice las actividades que se proponen en el siguiente enlace:

https://campusvirtual.ull.es/ocw/pluginfile.php/4162/mod_resource/content/0/OA_Tilde/textos_para_acentuar.html


2.2 Morfoloxía. As categorías gramaticais

Nos módulos anteriores presentamos as diferentes categorías gramaticais. Imos ocuparnos agora de revisar eses contidos amais de afondarmos noutros novos.

A palabra é unha unidade lingüística que posúe significado e que, na escrita, aparece como elemento independente. As palabras poden pertencer a distintas categorías gramaticais.

Podemos clasificalas segundo o seu significado e segundo a súa forma.

Clasificación polo significado		Clasificación pola forma	
▪ Palabras con significado léxico	▪ Palabras con significado gramatical	▪ Palabras variables	▪ Palabras invariables
Evocan conceptos que designan unha realidade: substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, adverbios.	Serven para actualizar outras palabras (determinantes) ou para unilas (preposicións, conxuncións).	Posúen morfemas de xénero, número, tempo, persoa etc., e, xa que logo, presentan formas diferentes: substantivos, adxectivos, determinantes, verbos e pronomes.	Nunca modifican a súa forma: adverbio, preposición, conxunción.



2.2.1 Substantivo, adxectivo

O substantivo

O *substantivo* é unha categoría gramatical que se emprega para designar entidades, sexan reais ou imaxinarias, tanto concretas (persoas, obxectos etc.) como abstractas (sentimentos, ideas etc.).

Presenta morfemas de xénero e número.

- O xénero clasifica os substantivos en masculinos e femininos. Con respecto a este morfema atopamos:
 - Substantivos variables: presentan oposición de xénero: *galo-galiña, o/a deportista*.
 - Substantivos invariables: non hai oposición de xénero. Serán, ben masculinos, ben femininos: *mesa*.
- O número clasifica os substantivos en singular e plural segundo designen unha especie ou individuo da especie (singular) ou máis dun individuo dunha especie (plural): *alumno/alumnos*.

Clasificación semántica do substantivo

▪ COMÚN	Designa as cousas ou seres da mesma especie: <i>nená, home, río, vila...</i>
▪ PROPIO	Designa de maneira individual un ser ou unha cousa dentro da súa especie: <i>Carme, Xurxo, Eume, Cambados...</i>
▪ CONCRETO	Refírese a realidades que se poden percibir polos sentidos: <i>man, cadeira, libro, mar, fada...</i>
▪ ABSTRACTO	Refírese a ideas, sentimentos ou calidades que non se poder ver nin tocar: <i>dor, amor, ledicia, intelixencia, piedade...</i>
▪ CONTABLE	Nomea realidades que se poden contar: <i>persoa, flor, follá...</i>
▪ INCONTABLE	Nomea realidades que non se poden contar: <i>auga, sal, madeira, terra...</i>
▪ INDIVIDUAL	Remite, en singular, a unha soa cousa ou ser: <i>soldado, formiga, ovella, véspera, piñeiro...</i>
▪ COLECTIVO	Remite, en singular, a un conxunto de cousas ou seres da mesma especie: <i>exército, formigueiro, rabaño, enxame, piñeiral...</i>



Desde o punto de vista sintáctico, o substantivo é o núcleo do sintagma nominal; este grupo de palabras posúe como elemento central o substantivo e, ademais, pode estar formado por un determinante e un modificador. En *o neno loiro* (SN), *nenó* actúa como núcleo e aparece presentado polo determinante (*o*) e modificado polo adxectivo (*loiro*).

Hai palabras doutras categorías gramaticais que, en determinados contextos, pasan a funcionar como substantivos. Este proceso coñécese como *substantivación*. Por exemplo:

Verbo en infinitivo	<i>Comer é necesario.</i>
Adxectivo	<i>O malo é se non o lembra.</i>
Adverbio	<i>Os sis gañáronlles aos nons.</i>
Preposición	<i>Cómpre valorar os pros e os contras.</i>
Conxunción	<i>Atopoulle moitos peros a ese asunto.</i>

O xénero do substantivo

- Os substantivos poden ser masculinos e/ou femininos.

– Xeralmente, son masculinos en galego:

Os nomes de homes, animais macho e cousas que levan diante o artigo “o”: o lapis, o piñeiro, o río, o sol etc.
Os nomes das letras: o a, o be, o ce, o de etc.
O berce, o cárcere, o coral (grupo de persoas que cantan nun coro), o costume, o couce, o cume, o cuspe, o dote, o fel, o labor, o leite, o lume, o mel, o nariz, o sal, o sangue, o sinal etc.

– Xeralmente, son femininos en galego:

Os nomes de mulleres, animais femia e cousas que levan diante o artigo “a”: a cadeira, a lúa, a mesa etc.
Os cultismos rematados en -ise e -ite de orixe grega: a bronquite, a hepatite, a meninxite etc.
Os substantivos rematados en -axe : a linguaxe, a mensaxe, a paisaxe etc. (excepto o traxe, o paxe e o garaxe, que son masculinos, e tamén a palabra “personaxe”, que pode ser masculina ou feminina).
Normalmente, son femininos os nomes das árbores froiteiras e mais o seu froito: cerdeira/cereixa. Excepcións: o limoeiro/o limón; o pexegueiro/o pexego; o castiñeiro/a castaña; a figueira/o figo.
A agravante, a árbore, a arte, a atenuante, a calor, a canle, a cor, a dor, a orde, a orixe, a pantofo, a ponte, a reuma, a suor etc.

– Regras de formación do feminino en substantivos e adxectivos:

Rematados en consoante ou vogal tónica: engaden <u>a</u>.	<i>Avó, avoa; rapaz, rapaza...</i>
Rematados en vogal átona: substitúen a vogal por <u>a</u>.	<i>Presidente, presidenta...</i>
A maioría dos substantivos e adxectivos rematados en <u>-án</u> fan o feminino en <u>-á</u>.	<i>ancián, anciá; artesán, artesá; capitán, capitá; chan, chá; cotián, cotiá; curmán, curmá; irmán, irmá; san, sa; temperán, temperá; van, va, afgán, afgá; alemán, alemá; castelán, castelá; catalán, catalá; arousán, arousá etc.</i>
Os adxectivos rematados en <u>-án</u> con valor de caracterizadores despectivos fan o feminino en <u>-ana</u>.	<i>charlatán, charlatana; folgazán, folgazana; galbán, galbana; lacazán, lacazana; langrán, langrana etc.</i>
A maioría dos substantivos e adxectivos rematados en <u>-ón</u> fan o feminino en <u>-oa</u>.	<i>anfitrión, anfitrío; bretón, bretoa; campión, campioa; ladrón, ladroa (que tamén ten un feminino ladra); león, leoa; patrón, patroa; saxón, saxoa; teutón, teutoa...</i>
Os adxectivos rematados en <u>-ón</u> con valor de sufixo aumentativo ou deverbis pexorativo fan o feminino en <u>-ona</u>.	<i>homón, mullerona; casona; abusón, abusona; acusón, acusona; faltón, faltona; preguntón, preguntona...</i>
Os substantivos e adxectivos rematados en <u>-ín</u> fan o feminino en <u>-ina</u> (a excepción de ruín, invariable).	<i>bailarín/bailarina, benxamín/benxamina...</i>
Os substantivos e adxectivos rematados en <u>-ún</u> realizan normalmente o feminino en <u>-úa</u>.	<i>cabrún, cervún, vacún: cabrúa, cervúa, vacúa. Común é invariable. euscaldún: euscalduna.</i>
Formacións especiais	<i>heroe/heroína, tsar/tsarina; galo/galiña; rei/raíña; abade/abadesa; barón/baronesa; príncipe/princesa; sacerdote/sacerdotisa, profeta/profetisa, poeta/poetisa; emperador/emperatriz; actor/actriz etc. o boi/a vaca; o cabalo/a egua; o can/a cadela; o pai/a nai etc.</i>

El género en castellano

Podemos diferenciar también, en cuanto al género, sustantivos **comunes**, **ambiguos** y **epicenos**:

- Son comunes en cuanto al género aquellos que carecen de género propio, pero necesitan diferenciar el sexo y lo hacen mediante el artículo u otros determinantes: *el/la artista, el/la amante, el/la testigo* etc.
- Son ambiguos en cuanto al género aquellos sustantivos no animados que se dejan acompañar indistintamente por artículos u otros determinantes masculinos o femeninos sin ningún cambio gramatical o semántico: *el/la mar, el/la linde, el/la acné*.
- Son sustantivos epicenos los que designan por igual a individuos de ambos sexos con independencia del género gramatical del sustantivo: *el gorila, la rata, la víbora, el cuervo, el elefante* etc.

– Formación del femenino en castellano

Las principales desinencias que marcan la oposición masculino/femenino en castellano son las siguientes:

- Desinencias -o/-a: *gato-gata...*
- Desinencias -e/-a: *jefe-jefa...*
- Sin marca/-a: *concejal-concejala*
- Femenino con terminaciones como -esa, -isa, -ina, -triz: *tigre-tigresa; emperador-emperatriz; poeta-poetisa; gallo-gallina...*
- Uso de lexemas distintos para masculino y femenino: *verno-nuera; buey-vaca; carnero-oveja...*
- Algunos sustantivos tienen un significado distinto según se combinen con determinativos masculinos o femeninos: *el/la editorial, el/la orden, el/la frente, el/la cólera, el/la corte, el/la coma*.

O número do sustantivo

▪ Regras de formación do plural

▪ Palabras rematadas en vogal, en ditongo ou en -n: engaden -s.	<i>mesa, mesas; café, cafés; israelí, israelís; can, cans; dolmen, dolmens...</i>
▪ Palabras rematadas en -r e -z: engaden -es.	<i>calor, calores; luz, luces...</i>
▪ Palabras rematadas en -s e -x [ks]: - Agudas engaden -es. - Rematadas en grupo consonántico son invariables. - Graves e esdrúxulas son invariables.	<i>deus, deuses...</i> <i>luns, fax...</i> <i>lapis...</i>

Palabras rematadas en -l	Monosílabas: engaden -es.	<i>val, vales...</i>
	Compostas de monosílabo: engaden -es.	<i>ollomol, ollomoles...</i>
	Polisílabas agudas: eliminan o -l e engaden -is.	<i>aval, avais; papel, papeis; cadril, cadrís...</i>
	Graves: engaden -es.	<i>áxil, áxiles...</i>
Rematadas no resto das consoantes: engaden -s.		<i>club, clubs; frac, fracs; crómlech, crómlechs; lord, lords; búmerang, búmerangs; álbum, álbums; clip, clips; robot, robots; trust, trusts; leitmotiv, leitmotivs...</i>
Invariables: as palabras graves e esdrúxulas rematadas en -s e todas as rematadas en -x:		<i>o lapis, os lapis o tórax, os tórax</i>

■ Reglas de formación del plural en castellano

- Los sustantivos acabados en vocal átona añaden –s: *amigo, amigos*.
- Los sustantivos acabados en vocal tónica –á, –ó, –é añaden –s: *café, cafés*.
- Los sustantivos acabados en vocal tónica –í generalmente añaden –es, aunque actualmente la tendencia es a formarlos con –s: *israelí, israelíes; esquí, esquís*.
- Los sustantivos acabados en vocal tónica –ú, por lo general, pueden formar el plural, bien en –s, bien en –es: *tabú: tabús, tabúes*.
- Los sustantivos acabados en consonante distinta de –s o –x añaden –es: *altar, altares*.
- Los sustantivos acabados en –s o –x, si son palabras agudas, añaden –es; si son llanas o esdrújulas permanecen invariables: *compás, compases; la tesis, las tesis*.
- Los sustantivos acabados en –y añaden –es y convierten –y en consonante: *buey, bueyes*; se exceptúa, entre otras, la palabra *jersey* cuyo plural es *jerséis*.
- Hay tres sustantivos en castellano que cambian el lugar de la sílaba tónica en la forma de plural. Son: *régimen, regímenes; espécimen, especímenes; carácter, caracteres*.
- Algunos sustantivos con cuyos plurales se cometen errores son los siguientes:

Álbum, álbumes	Guardia civil, guardias civiles	Hipérbaton, hipérbatos	Malentendido, malentendidos	Reloj, relojes
----------------	---------------------------------	------------------------	-----------------------------	----------------

- Podemos mencionar las siguientes particularidades en cuanto al número en el sustantivo, tanto en gallego como en castellano:
 - Algunos sustantivos solo tienen singular. Son los *singularia tantum*: *caos, sed...*

- Outros sustantivos solo tienen plural. Son los *pluralia tantum*: víveres, nupcias, exequias...
- Algunos admiten ambos números sin diferencia de significado entre las formas: *funeral/funerales, barba/barbas*...
- Algunos sustantivos que designan objetos compuestos de dos partes simétricas presentan el singular o el plural indistintamente para un mismo objeto: *tijera/tijeras, nariz/narices, tenaza/tenazas*... En otros casos se usa el plural para designar un solo objeto compuesto de dos partes simétricas: *gafas, prismáticos, anteojos*...
- Algunos sustantivos no contables pueden usarse en plural con valores expresivos diferentes al singular: *vinos, aguas* ...

O adxectivo

O adxectivo é unha clase de palabras variables que expresa propiedades ou características dos substantivos. Presenta tamén morfemas de xénero e número. As regras de formación do feminino e plural son idénticas ás do substantivo.

Podemos diferenciar dous tipos de adxectivos en canto ao significado:

- *Adxectivo especificativo*: delimita a extensión significativa do substantivo e distíngueo doutros posibles. *Quero un bolígrafo **verde**.*
- *Adxectivo explicativo* ou *epíteto*: engade unha nota explicativa que non di nada novo con relación ao substantivo ao que acompaña. *Neve **branca**, sorriso **ledo*** etc.

Desde o punto de vista sintáctico ou funcional, o adxectivo é o núcleo dun sintagma adxectivo.

Graos do adxectivo

O adxectivo ten *tres* graos:

- **O grao positivo**: expresa a calidade sen indicar intensidade nin establecer comparacións. *A pera estaba **doce**.*
- **O grao comparativo**: expresa a calidade comparándoa coa doutros seres.

Podemos usar procedementos analíticos e sintéticos.

Procedementos analíticos			Procedementos sintéticos
COMPARATIVO DE IGUALDADE	COMPARATIVO DE SUPERIORIDADE	COMPARATIVO DE INFERIORIDADE	Os procedementos <i>sintéticos</i> refírense a aquel conxunto de adxectivos que poden establecer unha comparación de superioridade cunha soa palabra: <i>mellor, peor, menor, maior, superior, inferior</i> : <i>Este libro é mellor ca aquel.</i>
tan/tanto... coma/como: <i>A pera estaba tan doce coma o mel.</i>	máis...ca/que/do que: <i>Ten menos soldo e traballa máis ca nós.</i>	menos...ca/que/do que: <i>Agora mesmo non sei se é menos estudioso ca eles.</i>	

Distribución das partículas comparativas

- Empregaremos obrigatoriamente *ca* e *coma* cando o segundo termo da comparación é un pronome persoal; tamén usaremos *coma* diante dun nexo condicional, temporal ou relativo:

É tan noitébrego coma ti, facedes boa parella.

Fai coma quen que non oe.

- Empregaremos obrigatoriamente *como* e *do que* cando o segundo termo da comparación é unha forma verbal conxugada:

Creo que é menos interesante do que ti pensas.

- No resto dos casos empregaremos indistintamente *ca/que* e *coma/como*:

Esa película resulta máis entretida ca/que esoutra.

Este libro é tan interesante como/coma ese.

- **O grao superlativo:** expresa que o ser ou obxecto ao que nos referimos posúe a calidade no seu grao máis alto. Podemos diferenciar dous tipos:

- Superlativo absoluto: fórmase co adverbio de cantidade moi ou de modo ben, cos sufixos *-ísimo* ou *-érrimo*, coa repetición do adxectivo ou outros procedementos formais.
- A pera é docísima.
- A pera é moi doce.
- A pera é doce, doce.
- A pera é doce coma o mel.
- A pera é ben doce.

O sufixo *–érrimo* só se usa en rexistros elevados: *celebérrimo*, *libérrimo*, *misérrimo*, *paupérrimo*, *pulquérrimo* (corresponden, respectivamente, aos adxectivos *célebre*, *libre*, *mísero*, *pobre* e *pulcro*).

Temos tamén superlativos sintéticos: *bo-óptimo*, *malo-pésimo*, *pequeno-mínimo*, *grande-máximo*, *baixo-ínfimo*, *alto-supremo*.

- Superlativo relativo: fórmase mediante un artigo seguido dun adverbio de cantidade (*máis* ou *menos*), un adxectivo e un complemento introducido pola preposición *de*. *O máis elegante de todos*, *A pera é a máis doce das froitas*. Tamén se forma mediante un artigo e un comparativo sintético seguido de preposición: *É o mellor de todos*.

El adjetivo en castellano

Los contenidos que acabamos de ver para la lengua gallega son idénticos para el castellano. En las estructuras comparativas la distribución de las partículas es la siguiente:

Comparativo de igualdad	Comparativo de superioridad	Comparativo de inferioridad
- Tan... como: Es tan listo como él. - Igual de... que: Es igual de listo que él.	Más... que: Es más listo que él.	Menos... que: Es menos listo que él.

La abundancia de sustantivos en un texto implica riqueza conceptual y de contenidos y otorga agilidad a la narración. Por el contrario, la abundancia de adjetivos es frecuente en los textos descriptivos y, en el caso de aparecer en los textos narrativos, ralentizan el ritmo.

Actividade resolta en galego

Forme o **feminino** de *afgán*, *boi*, *lacazán león* e *galo* e o **plural** de *mísil*, *ollomol*, *caracol*, *lapis* e *dolmen*:

Femininos: afgá, vaca, lacazana, leoa, galiña.
Plurais: mísiles, ollomoles, caracois, lapis, dolmens.

Actividad resuelta en castellano

Indique el comparativo y superlativo sintético de: bueno, malo, grande, pequeño, bajo, alto:

	Comparativo sintético	Superlativo sintético
Bueno	Mejor	Óptimo
Malo	Peor	Pésimo
Grande	Mayor	Máximo
Pequeño	Menor	Mínimo
Alto	Superior	Supremo
Bajo	Inferior	Ínfimo

Actividades propostas en galego

S9. Realice o exercicio que se propón no enlace seguinte para practicar o xénero correcto das palabras en galego:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfologia/subs_adx.htm#1

S10. Forme o feminino das palabras que se indican: curmán, alcalde, tecelán, estudante, boi, capitán, mestre, pai, xenro, alemán.

S11. Forme o plural das palabras que se indican: *útil, ruín, fiel, cruz, réptil, país, cru, mandil, pub, iceberg.*

S12. Complete as seguintes estruturas comparativas:

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Fun máis veces ao cine _____ fuches ti.▪ Ten tantos cartos _____ eles.▪ Estou tan preocupada polo futuro da lingua _____ polo futuro do monte galego.▪ Son case tan ricos _____ os veciños.▪ O ignorado sempre é máis preocupante _____ o coñecido.▪ O Uxío está case tan alto _____ a Laura. |
|--|

Actividades propostas en castellano

S13. Realice los ejercicios que figuran en el enlace siguiente para practicar la teoría que hemos visto sobre el sustantivo:

<http://roble.pntic.mec.es/msanto1/lengua/1nombre.htm>

S14. Indique los sustantivos de la siguiente lista que presentan género epiceno: *periodista, águila, criatura, radio, cómplice, rata, centinela, apócope, agravante, bestia.*

S15. Forme el plural de: *bambú, desiderátum, álbum, dosis, bantú, espécimen, régimen, carácter, jabalí, canapé.*

2.2.2 Determinantes

Los determinantes son una clase de palabras que tienen como función presentar al sustantivo, limitando o precisando su significado. Se colocan delante de él y concuerdan en género y número.

Por su significado podemos diferenciar varios tipos de determinantes:

- Los artículos (determinados e indeterminados)
- Los demostrativos
- Los posesivos
- Los numerales
- Los indefinidos
- Los interrogativos y exclamativos

El artículo

Es una clase de palabras que acompaña al sustantivo actualizándolo y que indica su género y número.

Presenta dos series con valores diferentes. El artículo indeterminado se utiliza para presentar un sustantivo que es desconocido para el hablante porque se menciona por primera vez. El artículo determinado, por el contrario, presenta un sustantivo ya conocido porque ha aparecido antes. Ejemplo:

- Iba una mujer por la calle. La mujer llevaba un paraguas rojo.

Posee dos valores diferentes:

- Actualizador: posibilita que el sustantivo al que acompaña pase de designar toda la clase a designar un individuo dentro de la misma: *quiero pan/ quiero el pan*.
- Transcategorizador: habilita para funcionar como sustantivos a palabras que pertenecen a otras categorías gramaticales: *me gusta mucho el amarillo*.

Formas del artículo en castellano

	Determinado			Indeterminado	
	Masculino	Femenino	Neutro	Masculino	Femenino
Singular	el	la	lo	un	una
Plural	los	las		unos	unas

- En castellano registramos las siguientes contracciones del artículo con las preposiciones: *al* (a + el), *del* (de + el).
- En castellano, los sustantivos femeninos que empiezan por *a-* o *ha-* tónica en singular deben combinarse con la forma del artículo *el*: *el aula*, *el ama*.

Formas do artigo en galego

	Determinado		Indeterminado	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	o	a	un	unha
Plural	os	as	uns	unhas

- Contraccións do artigo determinado coas preposicións.

O artigo determinado contrae obrigatoriamente coas preposicións *a*, *en*, *de*, *con* e *por*; tamén pode contraer coa conxunción comparativa *ca*.

		Artigos			
		o	a	os	as
Preposicións	a	ao/ó	á	aos/ós	ás
	con	co	coa	cos	coas
	de	do	da	dos	das
	en	no	na	nos	nas
	por	polo	pola	polos	polas
Conxunción	ca	có	cá	cós	cás

▪ Contraccións do artigo indeterminado coas preposicións.

- O artigo indeterminado contrae obrigatoriamente coas preposicións *en*, *de* e *con*.

En galego, o artigo ten a denominada “segunda forma”. Trátase da variante *lo*, *la*, *los*, *las*. É opcional na escrita (agás coa preposición *por* e o adverbio *u*) e obrigatoria na lingua oral.

- Pode usarse na lingua escrita nos casos seguintes:
 - Obrigatorio: preposición *por* (sen guión) e adverbio *u* (con guión): *u-lo libro?*
 - Opcional:

Con guión	Sen guión
- Tras formas verbais rematadas en –r, –s	Tras <i>ambos</i> , <i>entrambos</i> , <i>todos</i> , <i>tras</i> (e femininos)
- Tras os pronomes tónicos nós/vós	Tras a locución e <i>mais</i>
-Tras os pronomes átonos nos/vos/lles	

▪ Usos particulares do artigo determinado en galego.

- Con nomes de persoa, na fala coloquial, expresa familiaridade ou confianza: *o Manuel veu onte*.
- Diversos topónimos van sempre acompañados de artigo: *A Coruña*, *O Miño*...
- Con moitas locucións adverbiais é obrigatorio: *ao chou*, *ao pé*, *aos poucos*, *ás veces*...

USO DO ARTIGO CO POSESIVO
En galego o posesivo debe ir precedido do artigo ou outro determinante coas seguintes excepcións: ▪ Non aparece nunca nos vocativos e exclamativos: <i>ai, meu amigo</i>, <i>non te vira. Miña cabeciña!</i> ▪ Cos nomes de parentesco é optativo: <i>(o) meu pai chámase Antón</i>.

- Usos particulares del artículo determinado en castellano.
 - Con los nombres propios de persona no se puede usar el artículo determinado. Por ello, es incorrecto decir “El Manuel”; con todo, si va especificado o se trata de un personaje famoso, puede aparecer el artículo: *la María de la que te hablé. Esa obra es de la Pardo Bazán.*

Los demostrativos

Los demostrativos sitúan en el espacio o en el tiempo, con relación al hablante, la realidad denominada por el sustantivo.

- Esta casa: próxima al hablante.
- Esa casa: distancia media respecto al hablante.
- Aquella casa: separación con respecto al hablante.

Pueden tener un valor deíctico anafórico (se refieren a un elemento de la oración que ya ha sido enunciado: *encontraron a sus amigos. Estos venían del cine*) o catafórico (hacen referencia a elementos que serán enunciados más adelante. *Esto te digo: no volveré a hacerte caso*).

Formas de los demostrativos en castellano

	Masculino	Femenino	Neutro
Singular	este, ese, aquel	esta, esa, aquella	esto, eso, aquello
Plural	estos, esos, aquellos	estas, esas, aquellas	

Formas dos demostrativos en galego

	Masculino	Femenino	Neutro
Singular	este, ese, aquel	esta, esa, aquela	isto, iso, aquilo
Plural	estes, eses, aqueles	estas, esas, aquelas	

En galego, as formas de masculino e feminino contraen coas preposicións *en* e *de* e o indefinido *outro*.

	Este	Ese	Aquel
De	deste, desta, destes, destas	dese, desa, deses, desas	daquel, daquela, daqueles, daquelas
En	neste, nesta, nestes, nestas	nese, nesa, neses, nesas	naquel, naquela, naqueles, naquelas
Outro	estoutro, estoutra, estoutros, estoutras	esoutro, esoutra, esoutros, esoutras	aqueloutro, aqueloutra, aqueloutros, aqueloutras

Valores especiais do demostrativo en galego

- As formas contractas *estoutro/a/os/as*, *esoutro/a/os/as*, *aqueloutro/a/os/as* úsanse en correlación cun demostrativo simple sinalando e opoñendo dous elementos: *Non quero ese lapis, prefiro aqueloutro*.
- As formas *aquel* e *aquela* poden funcionar como substantivos cun significado variable en relación co contexto: *motivo*, *aspecto*, *aparencia*, *coidado*, *agarimo*, *interese*, *desgraza*. Exemplos: *Maruxa sempre tivo moito aquel para o baile* (habildade). *Co aquel da festa estaban moi atarefados* (motivo).
- A forma *daquela* pode funcionar como adverbio (co significado de *naquel tempo*, *entón*): *daquela si que había boas festas*; pode ser tamén unha conxunción con valor consecutivo: *non te vin, daquela non te saudei*.
- As formas *nisto*, *con estas*, *nestas* posúen tamén un valor adverbial equivalente a *de repente*, *nese momento*: *e nisto chegaron os avós*.
- Outras estruturas con demostrativos poden adquirir en contextos específicos valores especiais: *non me veñas con esas* (andrómenas). *Sempre anda con esas* (teimas)...

Los posesivos

Los posesivos indican una relación referencial con las tres personas gramaticales: relacionan los sustantivos a los que acompañan o a los que se refieren con el emisor, con el receptor o con alguna otra persona ajena al discurso. En ocasiones hacen referencia a propiedades inalienables (*mi cabeza*) o alienables (*mi coche*).

- Esta es mi perra (la perra del hablante).
- Esta es tu perra (la perra del oyente).
- Esta es su perra (la perra de una tercera persona de la que se habla).

Formas de los posesivos en castellano

PERSONA	SINGULAR	PLURAL
1ª persona singular	mi/ mío/ mía	mis/ míos/mías
2ª persona singular	tu/ tuyo/tuya	tus/ tuyos/tuyas
3ª persona singular	su/ suyo/ suya	sus/ suyos/suyas
1ª persona plural	nuestro-a	nuestros-as
2ª persona plural	vuestro-a	vuestros-as
3ª persona plural	su/suyo/suya	sus/ suyos/suyas

Formas dos posesivos en galego:

PERSOA	SINGULAR	PLURAL
1ª persoa singular	meu/miña	meus/miñas
2ª persoa singular	teu/túa	teus/túas
3ª persoa singular	seu/súa	seus/súas
1ª persoa plural	noso-a	nosos-as
2ª persoa plural	voso-a	vosos-as
3ª persoa plural	seu-súa	seus-súas

Valores especiais do posesivo en galego

- Existe un posesivo de respecto (mi) que acompaña a *madre, padre, tío, señor, amo...*
- Os posesivos de terceira persoa acompañados de numerais poden indicar cantidade aproximada ou ponderación: *xa ten os seus 20 anos; valerá os seus bos euros.*
- As formas *de meu, de noso, de teu, de voso, de seu* denomínanse posesivos enfáticos ou de propiedade exclusiva; aplicadas a un adxectivo fan referencia a unha cualidade que alguén ou algo ten por natureza: *teño casa de meu; a casa caeu de seu; Pepe é espilido de seu.*
- As formas *os meus, os teus...* fan referencia ao grupo familiar máis próximo: *hoxe os seus van na praia.*
- As *miñas, as túas...* refírense a accións habituais propias dunha persoa; normalmente o matiz é equivalente a *falcatruadas, trasnadas, tarefas*: *xa anda a facer das súas; xa che pasei as miñas.*
- As formas *cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas* teñen sentido distributivo: *deu aos herdeiros cadansúa leira.*
- As formas de posesivo son equivalentes, en estruturas espaciais, a de + pronome persoal: *diante miña (diante de min), túa (de ti), súa (del)...* En castelán este uso é incorrecto, os posesivos non acompañan nunca a adverbios, debemos usar, daquela, *delante de mí* e nunca **delante mía.*
- O posesivo pode indicar unha acción habitual: *xa volveron ao seu.*
- O posesivo, en moitos casos, indica familiaridade ou conmisericación: *miña neniña, meu pobriño...*

Os indefinidos

Os indefinidos forman un conxunto heteroxéneo de determinantes que comparten como única característica común a todos os seus membros a de seren presentadores que acompañan a primeira mención dun obxecto. En xeral, expresan unha idea inconcreta ou indefinida de cantidade ou de identidade: *había moitos turistas en Santiago; na Quintana aparcaron varios vehículos; algúns alcaldes reuníronse co presidente.*

Podemos diferenciar entre **cuantificadores** (segmentan un ou varios elementos sen delimitalos ben e sen individualizalos): *algún, pouco, moito, demasiado, varios, tantos, cantos, abondos, bastante, todos* e **identificadores** (segmentan elementos ben definidos pero sen individualizalos): *certo, cada, calquera, outro.*

Formas de los indefinidos en castellano

<i>Variables en género y número</i>	<i>Variables solo en número</i>	<i>Variables solo en género</i>	<i>Invariables</i>
<i>algún/alguno otro mucho poco demasiado todo tanto cierto ninguno (solo se usa en plural por motivos enfáticos)</i>	<i>bastante tal cualquiera quienquiera</i>	<i>varios sendos</i>	<i>alguien algo más menos demás nada nadie</i>

Formas dos indefinidos en galego

Invariables	cada, menos, máis, demais, calquera...	
Variables	En xénero	varios, ambos, entrambos...
	En número	tal, bastante
	En xénero e número	un, algún, ningún, moito, pouco, abondo, todo, outro, certo, mesmo, tanto, demasiado, propio

Os indefinidos *algún* e *outro* contraen na fala e na escrita coas preposicións *de* e *en*: *tes que facelo doutro xeito; nalgún sitio deixei a miña carteira; agora o asunto está noutras mans.*

Los numerales

Hacen referencia a la cantidad, al orden en una sucesión o a cualquier tipo de cuantificación, más o menos exacta. Pueden clasificarse en los grupos siguientes:

- **Cardinales.** Forman la serie natural de números: *uno, dos, tres...*
- **Ordinales.** Presentan la idea de orden en una serie: *primero, segundo, tercero...*
- **Múltiplos.** Expresan multiplicación por la serie natural de los números: *dobles, triple, cuádruple...*
- **Partitivos.** Expresan división: *medio, tercio, cuarto...*

En galego coinciden en clasificación, función e definición coa lingua castelá.

Consulte el siguiente enlace para ver el listado completo de los determinantes numerales en castellano:

<http://www.monografias.com/trabajos33/los-determinantes/los-determinantes2.shtml>

Consulte o enlace seguinte para ver a listaxe completa de determinantes numerais en galego:

https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega/Os_determinantes/O_numeral

Interrogativos y exclamativos

Los determinantes interrogativos acompañan a nombres para expresar preguntas acerca de su naturaleza o cantidad. Sus formas son:

Qué	¿Qué día vienen tus padres?
Cuál	¿Cuál es tu número de teléfono?
Cuánto	¿Cuánto dinero cuesta esta camisa?

El determinante **qué** es invariable; **cuál** es variable en número; **cuánto** presenta variación de género y número.

Los interrogativos pueden introducir oraciones interrogativas directas e indirectas:

- Interrogativa directa: *¿cuál es tu nombre?*
- Interrogativa indirecta: *no sé cuál es tu nombre.*

Los determinantes exclamativos acompañan a los nombres y expresan sorpresa o emoción.

Estos tres determinantes asumen en muchos casos usos pronominales, es decir, sustituyen al sustantivo.

En lengua gallega los determinantes exclamativos tienen idénticos usos y valores. Las formas son **que, cal-cales, canto-a-os-as**. Nunca llevan acento.

Actividade resolta en galego

Localice os determinantes existentes no seguinte texto e indique a que tipo pertencen.

Cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos que desexe, tanto con aqueles que poidan implicar o conxunto da comunidade escolar coma con outros de aula, curso, etapa etc. Os centros deben enviar a/s ligazón/s correspondentes á/s súa/s iniciativa/s ao correo electrónico contacto@primaveradasletras.gal. Se non contan con páxina web ou blog, poden remitir o material a este mesmo enderezo electrónico.

O prazo de recepción permanecerá aberto durante toda a primavera, ata o vindeiro 21 de xuño de 2017.

http://academia.gal/inicio/-/asset_publisher/m2gF/content/primavera-das-letras-estrea-o-concurso-escolar-contadenos-o-voso-dia-das-letras?

Artigo determinado: o, a, os, as

Indefinido: cada, outros, mesmo, toda

Posesivo: súa

Demostrativo: este

Actividad resuelta en castellano

Lea el siguiente texto y subraye los determinantes que encuentre. Después clasifíquelos.

Todos los días miro por la ventana de mi habitación antes de salir a la calle. Me interesa saber el tiempo que hace para ponerme la ropa adecuada. Aquel día, por culpa de las prisas no lo hice. Cuando puse un pie en el exterior, una fuerte lluvia me sorprendió. Me puse como una auténtica sopa con solo dar dos pasos. Así que decidí volver a subir a nuestra casa. Por las escaleras tuve un presentimiento. Metí con cuidado la llave en la cerradura y mis sospechas se hicieron realidad. Un desconocido se había llevado algunas cosas del salón.

Artículos: los, la, el, las, un, una

Indefinidos: todos, algunas

Posesivos: mi, nuestra, mis

Demostrativos: aquel

Numeral: dos

Actividades propostas en galego

S16. Localice nas oracións seguintes os indefinidos:

- Vin unhas cantas pombas paseando por varios tellados da cidade.
- Podes convidarme en calquera ocasión que desexes.
- Bebeu moito e logo tiña pouca fame.
- A tal Maruxa é unha muller moi espilida. Xa cho teño dito moitas veces.
- Todos os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos, pero algúns políticos non son quen de velo.

S17. Nas oracións seguintes aparecen demostrativos e posesivos usados cun valor especial. Identifíqueos e proporcione un sinónimo ou indique o valor:

- A película tenche o seu aquel.
- Daquela os seus inda non foran nunca en avión.
- Co aquel do casamento tiveron moito traballo.
- Sempre vai ao mesmo bar tomar o seu cafeíño.
- Non sei o prezo, pero intúo que ha valer os seus cincocentos euros.
- Nisto os mozos decidiron marchar para a casa.
- Sempre tiveron casa de seu.

Actividades propuestas en castellano

S18. Realice las actividades sobre los distintos tipos de determinantes que se proponen en los siguientes enlaces. Compruebe después las soluciones:

<https://espanol.lingolia.com/es/gramatica/pronombres-y-determinantes/demostrativos/ejercicios>

<https://espanol.lingolia.com/es/gramatica/pronombres-y-determinantes/posesivos/ejercicios>

<https://espanol.lingolia.com/es/gramatica/pronombres-y-determinantes/pronombres-indefinidos/ejercicios>

S19. Complete con interrogativos, exclamativos o indefinidos:

- No tiene ----- opción de quedarse.
- ¡----- día tan bonito hemos pasado!
- En ----- momento te he dicho la verdad.
- Te lo he mencionado en ----- ocasiones.
- ¿----- horas de guardia restan todavía?
- ----- los miembros de la comunidad lo aprecian mucho.

2.2.3 Pronomes

É unha clase de palabras variable que substitúe un substantivo. Demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos poden funcionar como determinantes ou seren pronomes. Dependerá de que acompañen un substantivo ou o substitúan:

- *Iso faino calquera* (pronome indefinido)
- *Pode ir calquera día* (determinante indefinido)

Teñen un uso exclusivamente pronominal o pronome persoal e o pronome relativo.

O pronome persoal

Os pronomes persoais son a clase de palabras que se refire ás persoas que interveñen na comunicación. O significado, pois, é gramatical, non lexical, en tanto que remiten ao emisor (pronomes de primeira persoa), ao receptor (pronomes de segunda persoa) e á persoa ou aquilo do que se fala no discurso (pronomes de terceira persoa):

- *Pilar virá máis tarde. Ela ten traballo ata as sete.*
- *Os meus amigos recibiron unha boa sorpresa. Eles non sabían nada do asunto.*

O pronome persoal tónico

O pronome persoal tónico ten un acento de intensidade que lle permite funcionar de forma independente. As formas que poden presentar os pronomes persoais tónicos clasifícanse en rectas e oblicuas.

- **Rectas:** as formas rectas son *eu, ti, el/ela, nós/nosoutros/as, vós/vosoutros/as, eles/elas, vostede/vostedes*. Posúen estas características:
 - Non precisan preposición.
 - Poden desempeñar as funcións de suxeito ou de atributo:
 - Elas déronnos bastantes ideas para este proxecto: suxeito
 - Os novos representantes dos alumnos sodes vós: atributo
- **Oblicuas:** as formas oblicuas son *min, comigo, ti, contigo, si, consigo, nós/nosotras-as, connosco, vós/vosoutros-as, convosco, si, consigo*. Caracterízanse polos seguintes trazos:
 - Sempre levan preposición.
 - Poden desempeñar as funcións de complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente:
 - A ti víronte na conferencia do sábado: complemento directo.
 - Os teus veciños sentaron con elas no cinema: complemento circunstancial.

PRONOME PERSOAL TÓNICO			
Tónico	Suxeito	Oblicuo libre	Oblicuo ligado
P1	EU	MIN	COMIGO
P2	TI, VOSTEDE	TI, VOSTEDE	CONTIGO, CONSIGO
P3	EL, ELA	EL, ELA, SI	CONSIGO
P4	NÓS,	NÓS,	CONNOSCO
P5	VÓS	VÓS	CONVOSCO
P5	VOSTEDES	VOSTEDES	CONSIGO
P6	ELES, ELAS	ELES, ELAS, SI	CONSIGO

As formas de cortesía son *vostede* e *vostedes*, que esixen verbo en terceira persoa de singular ou plural, respectivamente.

As preposicións **en** e **de** contraen co pronome persoal de terceira persoa, segundo se indica no cadro seguinte:

EN	nel	nela	neles	nelas
DE	del	dela	deles	delas

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe directamente o pronome: *de elas sabéreno, diríannolo*.

O pronome persoal átono

O pronome persoal átono precisa dun elemento de apoio para poder funcionar. Normalmente, este elemento é un verbo.

PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS		
O. I.	Obxecto directo	REFLEXIVO
ME	ME	ME
CHE	TE	TE
LLE	O, LO, NO / A, LAS, NAS	SE
NOS	NOS	NOS
VOS	VOS	VOS
LLE	OS, LOS, NOS / AS, LAS, NAS	SE

As formas de complemento indirecto (*me, che, lle, nos, vos, lles*) poden, amais, asumir os valores de **dativo de interese** ou de **dativo de solidariedade**:

- Dativo de interese: introduce na mensaxe unha persoa que, sen ser participante nos feitos, ten interese neles ou nas súas consecuencias. Adoita ser o propio emisor: *o meu neno comeme todo*.
- Dativo de solidariedade: as formas de 2ª persoa (*che e vos*) posúen este valor cando introducen na mensaxe o receptor, que non participa nos feitos relatados: *Aprobóchelle todo este curso*.

Estes dous dativos, cando van acompañados doutros pronomes, sempre ocupan a primeira posición. Pódense eliminar da oración sen que esta perda gramaticalidade.

Contraccións das formas de CD e CI

	O	A	Os	As
Me	mo	ma	mos	Mas
Che	cho	cha	chos	chas
Lle	llo	lla	llos	llas
Nos	nolo	nola	nolos	Nolas
Vos	volos	vola	volos	Volas
Lles	llelo	llela	llelos	llelas

A forma SE

Esta forma pode ter valores diferentes:

- Reflexivo: o suxeito realiza unha acción que recae sobre si mesmo: *el queimouse*. En galego é incorrecto o uso das formas reflexivas cando na oración hai expreso

un complemento directo: *María peitéase* / **María peitéase o pelo* (a forma correcta é *María peitea o pelo*).

- Recíproco: dous ou máis suxeitos executan e reciben a acción. *María e Antón quérense moito*.
- Impersoal: utilízase o pronome en construcións que carecen de suxeito e só aparecen co verbo en 3ª persoa de singular: *estase ben aquí*.
- Pasiva reflexa: a diferenza das anteriores, estas construcións si teñen suxeito e sempre debe concordar co verbo: *alúganse apartamentos*.
- Formante do verbo: pode ocorrer que o verbo non exista sen o pronome (*queixarse*) ou que a súa presenza comporte un cambio de significado (*acordar/acordarse*).

Colocación do pronome átono

O pronome átono pode aparecer en dúas posicións:

- Tras o verbo: é a posición non marcada do pronome átono na oración: *levoume ao teatro*.
- Diante do verbo: o pronome vai diante do verbo nos seguintes casos:
 - Nas oracións negativas, interrogativas e exclamativas (introducidas por un pronome interrogativo ou exclamativo) e subordinadas: *non te entendo ben. Que alegría nos deron! Asegurou que vos ensinaría a pilotar o seu coche*.
 - Cando a oración comeza con determinados adverbios (*moito, moi, tan, tanto, algo, xa, tamén, seica, aínda, axiña, sempre* etc.) ou indefinidos (*ninguén, nada, ningún, alguén, algo, ambos, bastante, calquera, mesmo, todos*): *xa o sabemos. Todos nos alegamos coas vosas noticias*.
 - Nas oracións desiderativas: *oxalá che dean boas novas*.
 - Nas oracións enfáticas: *ti o quixeches*.
 - Cando se rompe a orde lineal dos elementos da oración: *ganas me deron de botalo de alí fronte a déronme ganas de botalo de alí*.
- Casos de dupla/tripla colocación
 - Nas perífrases e complexos verbais o pronome átono pode acompañar a forma conxugada ou a infinitiva: *vouche dicir a verdade/vou dicirche a verdade*.
 - Cando unha preposición rexe un verbo en infinitivo o pronome pode colocarse tras o infinitivo ou entre este e a preposición: *por dicircho foron sancionados / por cho dicir foron sancionados*.

- Nas perífrases con elemento de relación (preposición ou conxunción) tamén podemos colocalo entre este elemento e a forma infinita: *tes que facelo/telo que facer/tes que o facer*.

Visualice os seguintes vídeos onde se explica a colocación do pronome persoal en galego:

<https://www.youtube.com/watch?v=wypDBFwvHrE>

<https://www.youtube.com/watch?v=XO7-yhCZ-0Y>

El pronombre personal en castellano

Serie tónica

Número	Persoa	Sujeto o atributo	Complemento con preposición
Singular	1ª	yo	mí, conmigo
	2ª	tú/usted	ti, contigo
	3ª	él, ella, ello	sí, consigo, él, ella, ello
Plural	1ª	nosotros, nosotras	nosotros, nosotras
	2ª	vosotros, vosotras, ustedes	vosotros, vosotras, ustedes
	3ª	ellos, ellas	sí, ellos, ellas

Serie átona

			CD	CI
Singular	1ª persona	Masculino/femenino	me	
	2ª persona	Masculino/femenino	te	
	3ª persona	Masculino	lo, se	le, se
		femenino	la, se	le, se
Plural	1ª persona	Masculino/femenino	nos	
	2ª persona	Masculino/femenino	os	
	3ª persona	Masculino	los, se	les, se
		Femenino	las, se	les, se

■ Matizaciones sobre el pronombre personal en castellano

- El pronombre personal tónico puede asumir idénticas funciones a las estudiadas para la lengua gallega. El átono, además de funcionar de complemento directo e indirecto, puede hacerlo de dativo ético. En estos casos el hablante utiliza la forma *me* para introducirse como afectado, positiva o negativamente, en la acción ejercida por el sujeto gramatical: *no te me caigas*.
- El pronombre reflexivo en castellano asume tanto la función de complemento directo como la de complemento indirecto:
- *Él se lava tras la comida* (complemento directo).

- Él se lava las manos tras la comida (complemento indirecto).
- El pronombre átono, cuando acompaña a un verbo en imperativo, debe ir pospuesto a este: Dígamelo.
- Cuando se integra en una estructura perifrástica, puede preceder al verbo auxiliar o seguir a la forma infinita:
- Te lo tengo que decir/ Tengo que decírtelo.

Visualice el siguiente vídeo sobre el pronombre personal en castellano:

<https://www.youtube.com/watch?v=lev57BxNL2w>

O pronome relativo

Os pronomes relativos carecen de significación propia e posúen un valor relacional. Sempre fan referencia a un termo anterior (denominado antecedente) e introducen unha oración que o cualifica ou define.

Posúen as formas seguintes:

Invariables	Variables	
que, quen, onde, cando, como	En xénero e número	En número
	- cuxo, cuxa, cuxos, cuxas - canto, canta, cantos, cantas	- cal, cales

- *Onde, cando* e *como* só funcionan como pronomes relativos cando levan un antecedente expreso: *a casa onde vive é moi vella*. No resto dos usos serán conxuncións: *onde ti vives case non hai xente*.
- O relativo *quen* é invariable en canto ao número e concorda, daquela, co verbo en singular: *quen dixo iso mentiu*.

El pronombre relativo en castellano

En castellano los pronombre relativos tienen idénticos valores a los vistos para la lengua gallega. Las formas son:

- Que (el que, la que, lo que, los que, las que)
- El cual, la cual, lo cual, los cuales, las cuales
- Quien, quienes
- Cuanto, cuanta, cuantos, cuantas
- Cuyo, cuya, cuyos, cuyas. Este relativo no presenta nunca un uso pronominal, siempre aparece acompañando a un sustantivo funcionando como determinante. Lo mismo ocurre con la forma equivalente en gallego (*cuxo, cuxa, cuxos, cuxas*).

Actividade resolta en galego

Localice no texto seguinte os pronomes persoais. Clasifíqueos en tónicos e átonos e indique a función sintáctica. Xustifique a posición dos pronomes persoais átonos:

Eu fun o autor do encargo que tedes que facer dentro duns días. Mais paréceme un auténtico desperdicio entrar nun sitio así e non baleirar todo o importante, entendes? Ti cumpre o que che pediu el, pero sácasme tamén da igrexa o que eu che pido de máis. Ninguén o sabe, ti cobras o dobre...

GAGO, M. *O anxo negro*. Xerais, Vigo, 2016. páx. 27.

- **PRONOMES TÓNICOS:** eu, ti, el. Funcionan todos de suxeito.
- **PRONOMES ÁTONOS:** paréceme (complemento indirecto), che (complemento indirecto), sácasme (dativo de interese) che (complemento indirecto), o (complemento directo).
- **COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO:** os que van pospostos ao verbo ocupan a posición non marcada; "o que che pediu" (anteposto por ir nunha oración subordinada); o que eu che pido (anteposto polo mesmo motivo có anterior); ninguén o sabe (oración introducida polo indefinido *ninguén* que é un dos que provoca anteposición).

Actividad resuelta en castellano

Indique en el texto siguiente los casos en los que la forma **que** funciona como pronombre relativo.

Pero de momento baste decir que esta singularidad explica otra: el poco peso que han tenido en Galicia las ciudades. No es que no las haya habido: Lugo contó con la mayor muralla militar que contruyeron los romanos, Compostela fue el centro urbano más famoso de la Edad Media europea y Vigo sigue siendo uno de los puertos pesqueros más importantes del mundo.

MURADO, M. A. *Otra idea de Galicia*. Debate, Barcelona, 2008, p. 19.

- Son pronombres relativos las formas subrayadas en las estructuras siguientes: el poco peso que han tenido, la mayor muralla militar que construyeron.

Actividades propostas en galego

S20. Visualice o seguinte vídeo no que, de forma divertida, se explica a colocación do pronome átono:

<https://www.youtube.com/watch?v=dwktlBbo6Rc>

S21. Realice as actividades sobre o pronome persoal que se propoñen no seguinte enlace:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfloxia/pronome.htm#1

S22. Substitúa os complementos directos e indirectos por pronomes persoais átonos ou contraccións. Fíxese na colocación:

- Teu curmán aínda atopou traballo o ano pasado.
- Elas traerannos uns agasallos novos a semana vindeira.
- Por fin vos deron o resultado do exame.
- Nunca compraron a ti un libro?
- Para nós non merques cousas novas.

S23. Indique se as formas que, presentes nas seguintes oracións, son pronomes relativos, conxuncións, interrogativos ou exclamativos:

- **Que** cor é a túa favorita? Non me importa **que** sexa unha ou outra.
- Quero **que** me deas os libros **que** che prestei o ano pasado.
- **Que** mal tempo vai! Oxalá remate axiña esta choiva **que** me fai doer os ósos.

Actividades propostas en castellano

S24. Complete las oraciones propuestas con pronombres relativos:

- El rey _____ palacio fue destruido abandonó la ciudad..
- El hombre _____ tiene una hija en Londres está muy preocupado.
- El hombre _____ hija vive en Londres está muy preocupado.
- El funcionario con _____ me entrevisté era muy preocupado por su trabajo.
- Siempre estaremos agradecidos a los españoles _____ lucharon por la libertad.

S25. Señale en las siguientes oraciones los pronombres reflexivos y recíprocos:

- Juan se peina sus largos cabellos cada mañana.
- Se han escrito cartas uno al otro durante los últimos veinte años.
- No se han visto en los últimos tiempos.
- Se baña en la playa después de los exámenes finales.

S26. Realice los ejercicios interactivos sobre el pronombre personal que se proponen en el siguiente enlace:

<https://espanol.lingolia.com/es/gramatica/pronombres-y-determinantes/pronombres-personales/ejercicios>

S27. Realice el siguiente ejercicio interactivo sobre el pronombre relativo:

http://www.todoclaro.com/castellano/intermedio/gramatica/Los_pronombres/Seite_1.php

2.2.4 Verbo

O verbo é unha clase de palabras que indica accións, procesos ou estados e concorda co suxeito en número e persoa. Presenta morfemas de tempo, modo, número e persoa.

O **modo** indica a actitude do falante ante a acción expresada polo verbo. Podemos diferenciar:

- Modo indicativo: presenta a acción de maneira obxectiva e real.
- Modo subxuntivo: presenta a acción de maneira subxectiva e irreal; pode tamén indicar dúbida, temor ou desexo.
- Modo imperativo: expresa mandato.

O **tempo** indica cando se realiza a acción verbal con respecto ao momento de fala:

Os tempos do indicativo en galego son os seguintes:

- Presente: indica feitos coincidentes co momento de fala: *como...*
- Pretérito: indica feitos pasados con respecto ao momento de fala: *comín...*
- Pretérito imperfecto: expresa unha acción pasada sen ter en conta nin o seu comezo nin o seu remate ou ben unha acción habitual no pasado: *comía...*
- Pretérito pluscuamperfecto: indica unha acción anterior a un momento pasado: *comera...*
- Condicional: expresa unha acción posterior a un momento do pasado: *comería...*
- Futuro: indica unha acción posterior ao momento de fala: *comerei...*

Os tempos de subxuntivo en galego son os seguintes:

- Presente: indica unha acción (irreal ou incerta) coincidente ou posterior ao momento da fala: *coma...*
- Pretérito: indica un tempo pasado: *comese...*
- Futuro: indica unha acción futura: *comer...* (este tempo verbal está en desuso, agás en certas linguaxes especializadas como pode ser a linguaxe xurídica).

Alguns tempos verbais presentan valores especiais. Así, por exemplo, se dicimos que *Rosalía de Castro publica Cantares gallegos en 1863* estamos a usar un presente para facer referencia a un momento pasado (é o denominado presente histórico).


En castelán, a diferenza do galego, temos os **tempos compostos**. Podemos falar de formas con aspecto perfectivo (acción rematada) e formas con aspecto imperfectivo (acción non rematada). Indican aspecto perfectivo todas as formas compostas e o pretérito perfecto simple de indicativo; indican aspecto imperfectivo todas as formas simples coa excepción antes mencionada.

Tal e como xa aclaramos no módulo 2, utilizamos idéntica terminoloxía na denominación dos tempos verbais en galego e en castelán sacrificando, probablemente, a precisión gramatical en prol da claridade.

Os tempos verbais en castelán

MODO	TIEMPOS SIMPLES	TIEMPOS COMPUESTOS
INDICATIVO	Presente: como Pretérito imperfecto: comía Pretérito perfecto simple: comí Futuro imperfecto: comeré Condicional: comería	Pretérito perfecto compuesto: he comido Pretérito pluscuamperfecto: había comido Pretérito anterior: hube comido Futuro perfecto: habré comido Condicional compuesto: habría comido
SUBJUNTIVO	Presente: coma Pretérito imperfecto: comiera o comiese Futuro imperfecto: comiere	Pretérito perfecto: haya comido Pretérito pluscuamperfecto: hubiera o hubiese comido Futuro perfecto: hubiere comido
IMPERATIVO	Presente: come	

Están en desuso en castelán o pretérito anterior e os futuros de subxuntivo. O futuro perfecto de indicativo só se utiliza en contextos moi específicos.



Un verbo pode indicar voz activa ou voz pasiva. Na primeira, o suxeito realiza a acción indicada polo verbo: *o policía dirixe o tráfico*; na segunda, o suxeito padece a acción indicada polo verbo: *o tráfico é dirixido polo policía*.

Unha forma verbal consta de:

- Tema: raíz + vogal temática.
- Morfemas flexionais: modo-tempo e número-persoa.
 - A vogal temática (VT) clasifica os verbos en tres conxugacións:

VT a (acadar)	1ª conxugación
VT e (temer)	2ª conxugación
VT i (vivir)	3ª conxugación

- O morfema de modo e tempo indica a actitude do emisor respecto da acción verbal (modo) e o tempo en que esta se realiza.
- O morfema de número e persoa refírese ao suxeito que realiza a acción verbal indicando se se trata dunha primeira, segunda ou terceira persoas do singular ou do plural.

Morfología Verbal

VOCAL TEMÁTICA (VT)

- 1ª Conjugación = AR: -a
- 2ª Conjugación = ER: -e; -i; -ie
- 3ª Conjugación = IR: -i; -e; -ie

DESINENCIA PERSONAL (DP)

PERSONA	NÚMERO	
	Singular	Plural
1ª Persona	Ø	-MOS
2ª Persona	-S / Ø	-IS
3ª Persona	Ø	-N

CARACTERÍSTICA TEMPORAL (CT)

• INDICATIVO

• PRESENTE

- Cualquier conjugación.
- 1ª persona del singular: -o
- Resto de formas: -ø

• PRETÉRITO IMPERFECTO

- 1ª conjugación: -ba-
- 2ª y 3ª Conjugación: -a-

• PRETÉRITO PERFECTO SIMPLE

	1ª Conj	2ª/3ª Conj	1ª Conj	2ª/3ª Conj	
1ª ps/Sing	-é	-í	1ª ps / pl	-ø	-ø
2ª ps/Sing	-ste	-ste	2ª ps / pl	-ste	-ste
3ª ps/Sing	-ó	-ió	3ª ps / pl	-ro-	-ro-

• FUTURO SIMPLE

- Cualquier conjugación: -ré / -rá

• CONDICIONAL SIMPLE

- Cualquier conjugación: -ría

• SUBJUNTIVO

• PRESENTE

- 1ª conjugación: -e
- 2ª y 3ª Conjugación: -a

• PRETÉRITO IMPERFECTO

- Cualquier conjugación: -ra / -se

• FUTURO SIMPLE

- Cualquier conjugación: -re

• IMPERATIVO

• PRESENTE

- 2ª persona / singular: -ø
- 2ª persona / plural: -d

- Formalmente podemos diferenciar os seguintes tipos de verbos:
 - Verbos regulares e irregulares: aqueles verbos que manteñen inalterado o lexema en todos os tempos e modos son regulares (poden presentar alteración gráfica ou acentual). Exemplo: *cantar, saír...*; aqueles outros que modifican o lexema son irregulares: *ser, haber, caber...*
 - Verbos defectivos: carecen dalgunha persoa na súa conxugación: *chover, ladrar...*

No anexo que figura ao final desta unidade, tal e como ocurría no módulo 2, terá os modelos de conxugación, tanto para o galego coma para o castelán. Non figuran alí os tempos verbais que están en desuso en castelán.

Verbos con alternancia vocálica en galego

Estes verbos son regulares, pero sofren cambios no timbre da vogal radical. Algúns autores denomínanos semirregulares. Os cambios afectan ao presente de indicativo, presente de subxuntivo e imperativo. Temos catro modelos:

Alternancias e/ε; o/ɔ		Alternancia i/e/ε	Alternancia e/i	Alternancia u/ɔ
beber, comer, querer, esquecer...		servir, sentir, consentir, seguir, ferir, mentir...	advertir, pedir, preferir...	durmir, cubrir, fuxir, lucir, subir, sufrir, lucir...
Como /o/	Bebo /e/	Minto	Advirto	Durmo
Comes /ɔ/	Bebes / ε/	Mentes / ε/	Advirtes	Dormes /ɔ/
Come /ɔ/	Bebe / ε/	Mente / ε/	Advirte	Dorme /ɔ/
Comemos /o/	Bebemos /e/	Mentimos /e/	Advertimos /e/	Durmimos
Comedes /o/	Bebedes /e/	Mentides /e/	Advertides /e/	Durmides
Comen /ɔ/	Beben / ε/	Menten / ε/	Advirten	Dormen /ɔ/

No enlace que lle propoñemos pode consultar a conjugación dos verbos irregulares en galego:

<http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf>

En el enlace seguinte puede consultar la conjugación de los verbos irregulares en castellano:

<http://www.rae.es/diccionario-panhispanico-de-dudas/apendices/modelos-de-conjugacion-verbal>

Pode descargar para o seu dispositivo móbil as seguintes aplicacións que lle axudará a practicar a conjugación de verbos en galego e castelán:

<https://play.google.com/store/apps/details?id=org.apache.cordova.Ximnasio>

<http://www.nosoloapuntes.com/cas/site/app-ver.asp?id=46>

As formas infinitas

As formas infinitas son o infinitivo, o xerundio e o participio, que carecen de desinencias de tempo e modo:

Infinitivo: andar, varrer, partir.	Pode funcionar como un substantivo.	<i>Andar sentoulle ben.</i>
Xerundio: andando, varrendo, partindo.	Pode funcionar como un adverbio.	<i>Camiñaba alancando.</i>
Participio: andado, varrido, partido.	Pode funcionar como un adxectivo.	<i>O neno durmido parecía un anxo.</i>

O participio

Os verbos poden ter participios regulares ou irregulares. En galego existen verbos que constrúen o participio só coa forma regular, só coa irregular ou que presentan as dúas.

■ Verbos con participio irregular

■ Abrir	■ Aberto/a	■ Poñer	■ Posto/a
■ Dicir	■ Dito/a	■ Morrer	■ Morto/a
■ Escribir	■ Escrito/a	■ Ver	■ Visto/a
■ Facer	■ Feito/a		

■ Verbos con duplo participio:

Verbo	Participio regular	Participio irregular
■ Cansar	■ Cansado	■ Canso
■ Calmar	■ Calmado	■ Calmo
■ Coller	■ Collido	■ Colleito
■ Comer	■ Comido	■ Comesto
■ Envolver	■ Envolvido	■ Envolto/envolveito
■ Enxugar	■ Enxugado	■ Enxoito
■ Nacer	■ Nacido	■ Nado
■ Pagar	■ Pagado	■ Pago
■ Quentar	■ Quentado	■ Quente
■ Recoller	■ Recollido	■ Recolleito
■ Resolver	■ Resolvido	■ Resolto
■ Torcer	■ Torcido	■ Torto

Nos verbos con dous participios, utilízase a forma regular con valor verbal (perífrases) e a irregular nos usos adxectivos:

- *Hoxe estou moi cansa* (adxectivo)
- *Non deron cansado o neno* (perífrase verbal)

- En el caso de los verbos que tienen dos participios en castellano, la forma irregular se utiliza como adjetivo, al igual que ocurre en gallego. Se exceptúan los verbos *freír*, *proveer* e *imprimir*, cuyos participios regulares e irregulares pueden actuar como verbos: *han freído/han frito*; *ha proveído/ha provisto*; *ha imprimido/ha impreso*. En usos adjetivos se utiliza solo la forma irregular: *carta impresa*, *calamares fritos*.

O infinitivo conxugado

En galego, o infinitivo pode levar desinencias de número e persoa coma calquera outro tempo verbal:

NÚMERO	PERSOA	FORMA
SINGULAR	1ª	coller
	2ª	coller-es
	3ª	coller
PLURAL	1ª	coller-mos
	2ª	coller-des
	3ª	coller-en

- É obrigatorio usar o infinitivo conxugado:
 - Cando o suxeito do infinitivo, sendo distinto do do verbo principal, non está expreso e desexamos marcalo: *convén irmos saíndo*.
 - Cando o infinitivo leva un suxeito expreso distinto ao do verbo principal: *o avogado demostrou teren razón os acusados*.
- Non podemos usar o infinitivo conxugado:
 - Cando o infinitivo e o verbo principal teñen o mesmo suxeito: *queremos ir convosco*.
 - Cando o infinitivo forma parte dunha perífrase: *ten que traer o coche novo*.
 - Nas frases feitas, sentenzas, refráns..., que expresan verdades atemporais: *querer é poder*.

El gerundio

Son incorrectos, en castellano y gallego, los siguientes usos del gerundio:

- El gerundio de posterioridad, pues esta forma solo puede indicar simultaneidad:
**Hubo un accidente muriendo cuatro personas.*
- El gerundio de un verbo que no significa acción modificando a un sustantivo:
**Es una ley combatiendo la violencia de género.*
- Como complemento de un sustantivo:
**Me encontré con un hombre llorando a voz en grito.*

As perífrases verbais

As perífrases son unha agrupación de varias formas verbais constituídas por un verbo auxiliar, habitualmente en forma conxugada ou finita, e un verbo auxiliado, en forma infinita (infinitivo, xerundio ou participio). Entre eles pode aparecer un elemento de relación.

O significado que presenta este complexo verbal é unitario e funciona como núcleo do predicado.

- *Creo que o darei feito* (perífrase).
- *Quero mercarche algo bonito* (non é perífrase porque cada un dos verbos conserva o seu significado).
- *Teño que revisar os meus apuntamentos* (perífrase).
- *Creo que irei contigo ao cine* (non é perífrase).
- *Deu en chover toda a mañá* (perífrase).

Para recoñecer as perífrases,

- O verbo auxiliar debe perder o seu significado, polo menos parcialmente: *Tes que madrugar máis* (o verbo *ter* perdeu o seu significado de posesión).
- Se se pregunta polo contido da forma persoal, débese manter a forma da perífrase (*tes que madrugar máis*: cando tes que madrugar? e non *cando tes?).

Nas perífrases, o verbo auxiliar (normalmente conxugado) ofrece a información gramatical e o verbo auxiliado (sempre en forma infinita) o significado léxico.

Valores das perífrases

Perífrases aspectuais		
Incoativas: indican o comezo da acción.	Comezar/romper/botar(se) a + infinitivo Poñerse/pórse a + infinitivo Dar en + infinitivo Empezar a + infinitivo	<i>Rompeu a andar aos oito meses.</i> <i>Púxose a chorar de súpeto.</i> <i>Deu en chover ás nove.</i> <i>Empezou a ler o artigo.</i>
Perfectivas: informan de que a acción está terminada.	Acabar de + infinitivo Deixar de + infinitivo Dar + participio Ir + participio Levar + participio Ter + participio	<i>Acabaron de xantar ás seis.</i> <i>O vento deixou de soprar a media tarde.</i> <i>Non demos feito os deberes.</i> <i>Xa vai acabado o verán.</i> <i>Leva feito seis exercicios.</i> <i>Teño ido moitas veces ao cine con el.</i>
Imperfectivas: indican que unha acción aínda non terminou, que está a desenvolverse.	Andar a + infinitivo Estar a + infinitivo Andar + xerundio Estar + xerundio Levar + xerundio.	<i>Andan a apañar castañas.</i> <i>Estou a sacar o carné de conducir.</i> <i>Andaban dicindo que eran ricos.</i> <i>Están estudando moito.</i> <i>Levan falando unha eternidade.</i>

	Seguir a + infinitivo Seguir + xerundio Ser a + infinitivo Ir + xerundio Vir + xerundio	<i>Seguen a bañarse na piscina.</i> <i>Segue estudando en Lugo.</i> <i>Naquela festa todos eran a bailar.</i> <i>Vaian recollendo que xa é a hora.</i> <i>Veñen buscando o mesmo ca nós.</i>
Terminativas: acción no remate do seu proceso.	Chegar a + infinitivo Vir (a) + infinitivo Acabar por + infinitivo	<i>Non creo que chegues a aprobar nunca.</i> <i>Ao final todo me veu dar a razón.</i> <i>Acabarei por enfadarme se segues así.</i>
Reiterativas: acción que se repite.	Ter + participio (pasada e reiterada)	<i>Moito teño bailado nesta sala.</i>
Perífrases temporais		
Futuridade xeral ou inminencia (futura). Indican que a acción se desenvolverá no futuro.	Ir + infinitivo Haber (de) + infinitivo Estar a/para + infinitivo Querer + infinitivo	<i>Vou falar con eles agora.</i> <i>Ha (de) vir o luns mesmo.</i> <i>As miñas amigas están para chegar.</i> <i>Mirando o ceo parece que quere chover.</i>
Inminencia (no pasado). No pretérito perfecto do indicativo indica que algo estivo a piques de suceder pero finalmente non sucedeu.	Haber (de) + infinitivo	<i>Onte tropecei no xardín e houben de caer.</i>
Perífrases modais		
Obrigativas. Expresan obriga.	Haber (de) + infinitivo Hai que + infinitivo Ter que/de + infinitivo Deber + infinitivo	<i>Primeiro has (de) dicir a verdade.</i> <i>Hai que chegar cedo.</i> <i>Tivemos que repetir o exame.</i> <i>Mañá debemos madrugar.</i>
Hipótéticas. Expresan unha acción sobre a cal non se ten seguridade.	Deber de + infinitivo Poder + infinitivo	<i>Debe de ter vinte anos.</i> <i>Pode ter razón no que di.</i>

En la siguiente imagen aparecen reflejados los principales valores de las perífrases en castellano:



PERÍFRASIS VERBALES

Un núcleo verbal puede estar compuesto por un verbo auxiliar conjugado y una forma no persona

Las perífrasis verbales se componen de dos elementos:

1. Un verbo auxiliar. Aporta los rasgos gramaticales (persona, tiempo, número y modo).
2. Un verbo auxiliado en forma no personal (infinitivo, gerundio o participio). Aporta el significado léxico.

NOTA: Entre ambas formas verbales puede aparecer un nexo que puede ser una preposición (A o DE) o la conjunción QUE.



TIPOS DE PERÍFRASIS

Según su aspecto, las perífrasis verbales pueden ser de dos tipos:

1. **MODALES.** Indican informaciones relacionadas con la modalidad (obligación, posibilidad, necesidad u otra manifestación que refleje la actitud del hablante).
Ejemplo: Esta tarde hay que preparar la exposición para el trabajo de Historia.
2. **ASPECTUALES.** Aportan rasgos temporales, que expresan nociones de tiempo, y aspectuales, que informan de la fase o del momento del proceso.
Ejemplo: Andaban diciendo que iba a venir la protagonista de la película.

Las **perífrasis verbales modales** se clasifican en tres tipos:

1. **Perífrasis modales de obligación.**
Tipos: tener que / deber / haber de / haber que + INFINITIVO.
Ejemplo: Tienes que concentrarte en las clases.
2. **Perífrasis modales de probabilidad.**
Tipos: venir a / deber de + INFINITIVO
Ejemplo: Ese reloj debe de costar un riñón.
3. **Perífrasis verbales de posibilidad.**
Tipos: poder + INFINITIVO.
Ejemplo: Puedes alcanzar tu sueño.

Las **perífrasis verbales aspectuales** se pueden clasificar en:

1. **Perífrasis verbales ingresivas.**
Indican acción inminente.
Tipos: Ir a / estar por / estar a punto de / + INFINITIVO.
Ejemplo: Iba a llamarte cuando has llegado.
2. **Perífrasis verbales incoativas.**
Indican acción en el momento de comenzar.
Tipos: Ponerse a / Romper a / comenzar a / echarse a / empezar a / + INFINITIVO.
Ejemplo: Me eché a correr en cuanto empezó a llover.
3. **Perífrasis verbales frecuentativas.**
Indican acción habitual.
Tipos: Soler + INFINITIVO.
Ejemplo: Suelo llegar pronto al trabajo.
4. **Perífrasis verbales reiterativas.**
Indican acción repetida.
Tipos: Volver a + INFINITIVO.
Ejemplo: No volveré a llamarte nunca.
5. **Perífrasis verbales durativas.**
Indican acción en desarrollo.
Tipos: Estar / andar / venir / ir / seguir + GERUNDIO.
Ejemplo: Lleva quejándose desde que empezó el curso.
6. **Perífrasis verbales terminativas o resultativas.**
Indican acción acabada.
Tipos: Traer / dejar / quedar / estar / tener / llevar / verse / sentirse + PARTICIPIO.
Dejar de / acabar de / terminar de / llegar a / cesar de + INFINITIVO.
Ejemplo: Ha dejado dicho que le pases a recoger a las cinco.

Actividade resolta en galego

Utilice, se é posible, o infinitivo conxugado nas seguintes oracións:

- Cómpre coller o coche se queremos chegar a tempo.
- De saír cedo do exame, agardade por nós.
- Queremos comprar unha casa nova, a vella quédanos pequena.
- Por non dicir a verdade, vas ter unha reprimenda dos teus pais.

- Cómpre collermos o coche.
- De saídes cedo, agardade por nós.
- Queremos comprar unha casa nova, a vella quédanos pequena. (Non se pode usar a forma conxugada).
- Por non dicires a verdade, vas ter unha reprimenda dos teus pais.

Actividad resuelta en castellano

Localice en las oraciones propuestas las perífrases verbales e indique su valor:

- Tienes que recoger a tu hermano en el colegio.
- Todos se echaron a llorar cuando llegó su amigo.
- Estamos buscando un coche nuevo.
- Debes atender el consejo de los los que saben más que tú.

Tienes que recoger (modal de obligación), echaron a llorar (aspectual incoativa), estamos buscando (aspectual imperfectiva), debes atender (modal de obligación).

Actividades propostas en galego

S28. Realice as actividades que figuran no enlace seguinte para practicar a conxugación correcta do verbo en galego:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfologia/verbo1.htm#4

S29. Identifique o tempo e o modo das formas verbais presentes no seguinte texto:

Cadaquén na súa casa terá que mirar polo seu. Eu da Santa Mariña non sei nada. Se a xente anda a mover os santos por aí sen contar co cura é culpa súa. Pero aínda onte estivemos agachando as imaxes do retablo do convento. Xesús! Que traballiño me deron. Levámolas no seu coche e metémolas na adega. Don Ricardo tiña medo de que lles pasase o mesmo que á Santa Mariña, que llas viñeran levar pola noite. Pero el era moi calado nas súas cousas, coma min, por iso nos levabamos.

GAGO, M. *O anxo negro*. Xerais, Vigo, 2016, p. 282.

Actividades propostas en castellano

S30. Realice las actividades sobre el verbo que se proponen en el enlace siguiente:

<http://teresadientedeleon.blogspot.com.es/2014/03/verbos-interactivos.html>

S31. Identifique el tiempo y el modo de las formas verbales presentes en el texto siguiente:

Sin embargo, también ha habido pasos hacia atrás. En la última década hemos sufrido la crisis económica más profunda y larga de los últimos ochenta años y se ha detenido la marcha del progreso. Nuestros descendientes están viviendo peor que nosotros, y temo que, si no corregimos el rumbo en el sentido más fuerte de esa corrección, vosotros podríais vivir peor que vuestros padres y vuestros abuelos. Sería un verdadero quebranto en la historia de la humanidad. Nos enfrentamos –os enfrentaréis, ya que nosotros, por edad, hemos dejado de ser los protagonistas históricos de los cambios...

ESTEFANÍA, J. *Abuelo ¿Cómo habéis consentido esto? Los graves errores que nos han llevado a la era Trump*. Planeta, Barcelona, 2017. p. 14.

2.2.5 Adverbio, preposición, conxunción

Os adverbios

Os adverbios son palabras invariables; isto quere dicir que non teñen xénero, número nin persoa. Serven para modificar un verbo, un adxectivo ou outro adverbio. Exemplos: *Verémonos mañá; É pouco traballadora; Pilar conduce moi ben...* Posúen carácter léxico pleno, isto é, teñen un significado propio definible nos dicionarios.

O grupo de palabras que realiza a mesma función que un adverbio denomínase locución adverbial: *pouco a pouco, de cando en vez* etc.

Os adverbios clasifícanse segundo a circunstancia que expresan: tempo, lugar, cantidade, modo, afirmación, negación e dúbida. Debemos ter en conta, así a todo, que algúns poden pertencer a máis dunha clase semántica. Por exemplo, *e sen ánimo* de sermos exhaustivos, *nunca* e *xamais* son asemade adverbios de tempo e de negación; *nada* pode ser adverbio de negación e de cantidade.

Adverbios de tempo

a cada canto, a cada pouco, a deshora, a destempo, a diario, a miúdo, a tempo, acotío, agora, aínda, antano, antes, antes de antonte, antonte, ao outro día/ó outro día, ao pouco/ó pouco, ao raro/ó raro, aos poucos/ós poucos, arestora, arreo, ás veces, asemade, atrás, axiña, cando, cedo, cerca, daquela, de alí a pouco, de aquí a pouco, de camiño, de cando en cando, de cando en vez, de momento, de raro en raro, de tempo en tempo, de vez en cando, decontado, decontino, decote, decotío, deica pouco, deica un pouco, deseguida, deseguido, despois, detrás, diante, en diante, en tempo, endexamaís, endoutro día, enseguida, entón, entrementes, hogano, hoxe, hoxe en día, inda, logo, mañá, mentres, namentres, noutro, nunca, o outro antonte, onte, outrora, para o outro día, pasadomañá, por veces, pouco a pouco, pouco e pouco, preto, pronto, seguido, sempre, tarde, trasantonte, xa, xacando, xamaís.

Adverbios de modo

Existe unha forma moi común de crear adverbios de modo a partir dos adxectivos. Consiste en engadir o sufixo *-mente* á forma de feminino. Fíxese que estes adverbios son palabras graves rematadas en vogal e polo tanto non levan acento. Exemplos: de *fácil, facilmente*; de *difícil, dificilmente*; de *soa, soamente*...

a correr, a dereitas, a oito, a escape, a feito, á fin, á mantenta, á présa, a propósito, a treco, adrede, amodo, ao cabo/ó cabo, ao chou/ó chou, ao dereito/ó dereito, á fin/ao fin, ao xeito/ó xeito, ás présas, ás toas, asemade, así, ben, como, de balde, de face, de golpe, de pronto, de propósito, de repente, de socate, de socato, de súpeto, devagar, en balde, engorde, gratis, mal, mellor, paseniño, peor, secasí.

Adverbios de lugar

á beira, a carón, a contramán, a rente(s), abaixo, acá, acó, acolá, adiante, aí, alá, alén, algures, alí, aló, ao lado/ó lado, ao pé/ó pé, ao redor/ó redor, aquén, aquí, arredor, arriba, atrás, avante, cerca, debaixo, dentro, derredor, derriba, detrás, diante, embaixo, en fronte, encima, enriba, fóra, lonxe, ningures, onde, preto, u?, velaí, velaquí, xalundes.

Adverbios de cantidade e precisión

a medias, abondo, algo, apenas, bastante, ben, canto, case, casemente, dabondo, de máis, de menos, de sobra, de todo, demasiado, logo, máis, malamente, medio, menos, mesmamente, mesmo, moi, moito, nada, por aí, pouco, só, soamente, talmente, tan, tanto, xustamente, xusto.

Adverbios de afirmación

abofé, así mesmo, de certo, si, tamén, xaora.

Adverbios de negación

non, non xa, sequera, tampouco.

Adverbios de dúbida

acaso, ao mellor/ó mellor, disque, poida que, quizabes, quizais, se cadra, se callar, seica, talvez.

El adverbio en castellano

Los adverbios en castellano se clasifican igual que en gallego y tienen idénticas características y funciones.

Adverbios de lugar

aquí, ahí, allí, cerca, lejos, arriba, abajo, delante, detrás, alrededor, encima, debajo, dentro, fuera, de frente, por fuera, de arriba abajo, frente por frente, por encima.

Adverbios de tiempo

antes, ahora, luego, después, ayer, hoy, mañana, entonces, pronto, tarde, ya, siempre, aún, nunca, jamás, de pronto, a menudo, de Pascuas a Ramos, en un pispás, en un santiamén.

Adverbios de modo

así, bien, mal, aprisa, deprisa, despacio, alto, bajo, a pies juntillas, a trancas y barrancas, entre pitos y flautas, de veras.

Recuerde que en castellano los adverbios de modo formados a partir de adjetivos con el sufijo *–mente* conservan el acento ortográfico de la palabra base. Ejemplo: *cómoda-cómodamente*.

Adverbios de cantidad

muy, demasiado, suficiente, más, menos, mucho, poco, bastante, casi, apenas, a mansalva, a porrillo, a/hasta más no poder.

Adverbios de afirmación

sí, también.

Adverbios de negación

no, tampoco, nunca, jamás.

Adverbios de duda

quizá, quizás, acaso.

As preposicións

As preposicións son un grupo de palabras invariables que teñen como función relacionar palabras con autonomía sintáctica servindo de enlace entre elas. Diferenciamos preposicións (formadas por unha soa palabra) e locucións prepositivas. No cadro seguinte aparecen as preposicións:

a, aga/agás, ante, após, ata/até, baixo, bardante, cabo, canda, cas, con, conforme, consonte, contra, de, deica, dende/desde, des, durante, en entre, excepto, fóra, malia, mediante, menos, onda, para, perante, por, quitando, sacado, sacando, salvante, salvo, segundo, sen, senón, so, sobre, tras, xunta.

Na seguinte imaxe aparecen recollidas as locucións prepositivas:

Locucións prepositivas					
á beira de	a son de	arriba de	contra de	en par de	por culpa de
a carón de	a través de	atrás de	de par de	en troques de	por medio de
a causa de	abaixo de	baixo de	debaixo de	en vez de	por mor de
a diferenza de	acerca de	bardante de	dentro de	encima de	preto de
a forza de	ademaís de	beira de	derredor de	encol de	respecto a
a par de	alén de	cabo de	derriba de	enriba de	respecto de
á parte de	amais de	canto a	despois de	fóra de	riba de
a pesar de	antes de	cara a	detrás de	fronte a	sobre de
a poder de	ao par de	cas de	diante de	lonxe de	tocante a
a por de	ao pé de	cerca de	en canto a	no canto de	tras de
a prol de	ao redor de	cima de	en favor de	por ante	verbo de
a rente(s) de	aquén de	co gallo de	en fronte de	por causa de	xunto a
a respecto de	arredor de	con respecto a	en lugar de	por cousa de	xunto de

Algunhas preposicións contraen cos artigos determinados, cos indeterminados e cos demostrativos: a (ao/ó, á, aos/ós, ás), de (do, da...; dun, dunha...; deste, dese, daquel...), en (no, na...; neste, nese, naquel...), por (polo, pola, polos, polas).

Preposiciones en castellano

Tienen idéntica estructura y función que en lengua gallega. Son preposiciones: *a, ante, bajo, con, contra, de, desde, durante, en, entre, hacia, hasta, mediante, para, por, según, sin, sobre, tras.*

Las formas *cabe* y *so* son arcaísmos.

Las preposiciones *a* y *de* se contraen con el artículo determinado masculino singular *el*: *a (al), de (del).*

En castellano existen también numerosas locuciones prepositivas: *antes de, delante de, conforme a, rumbo a, en compañía de, después de, encima de, cara a, a ambos lados de, por parte de, encima de, debajo de, camino de, a expensas de, al pie de, detrás de, esquina a, a causa de, al lado de, junto a, frente a, a cargo de, del otro lado de, dentro de, con arreglo a, gracias a, a costa de, a la vista de, fuera de, en virtud de, merced a, de regreso a, en lo alto de, cerca de, en cuanto a, orilla de, a ras de, fuera de, lejos de, debido a, riberas de, a hombros de, a pesar de, en medio de, referente a, rostro a, a juicio de* etc.

As conxuncións

As conxuncións son un grupo de palabras invariables que permiten relacionar entre si palabras ou oracións. Serven para unir dúas ou máis oracións, para establecer relacións de contraposición, de explicación etc. Tamén poden expresar relacións de causa, condición, comparación...

Cando redactamos textos, moitos dos conectadores que utilizamos son conxuncións. O cadro que aparece de seguido recolle os valores principais dos distintos tipos:

Valores das conxuncións

▪ Copulativas	Suma ou acumulación	Comprou mazás <u>e</u> laranxas.
▪ Disxuntivas	Opción	Vén <u>ou</u> queda.
▪ Adversativas	Contraposición	Diríacho, <u>pero</u> non me apetece.
▪ Distributivas	Reparto	<u>Ben</u> están na casa, <u>ben</u> van ao cine.
▪ Explicativas	Aclaración	O substantivo é unha palabra variable, <u>é dicir</u> , presenta morfemas constitutivos.
▪ Causais	Causa	Fíxeno <u>porque</u> me apeteceu.
▪ Comparativas	Comparación	Ten tanto diñeiro <u>coma</u> ti.
▪ Concesivas	Dificultade	<u>Aínda que</u> ía frío, marchei de paseo.
▪ Condicionais	Condición	<u>Se</u> queres facelo, tes que intentalo.

▪ Consecutivas	Consecuencia	Non fuches, <u>polo tanto</u> non podes aseguralo.
▪ Finais	Finalidade	Contároncho <u>para que</u> o soubeses.
▪ Temporais	Tempo	<u>Mentres</u> eles fan o xantar, os fillos van á tenda.
▪ Modais	Modo	Faino <u>como</u> che explicaron na clase.
▪ Locativas	Lugar	<u>Onde</u> eles viven non hai praia.

Conxuncións en lingua galega

COORDINANTES	▪ Copulativas	e, nin, que...
	▪ Disxuntivas	ou
	▪ Adversativas	mais, pero, aínda que...
	▪ Distributivas	ou...ou, ben...ben, xa...xa, ora...ora...
	▪ Explicativas	ou sexa, é dicir, isto é, é máis...
SUBORDINANTES	▪ Causais	pois, logo entón, así que, así pois, polo tanto, xa que logo, por conseguinte...
	▪ Comparativas	como, coma, tan...como/coma, tanto/-a/-os/-as... como ou coma, igual... que/ca, máis/menos... que/ca/do que...
	▪ Concesivas	malia que, (a)índa que, mesmo que, pese a que, a pesar de que, por pouco que, por máis que, por moito que...
	▪ Condicionais	se, en caso de que, sempre que, a pouco que, a non ser que, salvo que/se, senón que, agás que...
	▪ Consecutivas	conque, logo, así que, de sorte que, de tal xeito que, de tal maneira que, de tal sorte que, polo tanto, xa que logo...
	▪ Finais	para que, a que, a fin de (que)...
	▪ Completivas	que, se
	▪ Temporais	mentres, apenas, cando, en canto, logo que, unha vez que ...
	▪ Modais	como, coma se, de maneira que, tal como...
	▪ Locativas	onde, onde queira que...

Conjunciones en lengua castellana

Se clasifican igual que en lengua gallega. Las principales son:

COORDINANTES	▪ Copulativas	y ,e, ni, que...
	▪ Disyuntivas	o
	▪ Adversativas	mas, pero, aunque...
	▪ Distributivas	o...o, bien...bien, ya...ya, ora...ora...
	▪ Explicativas	o sea, es decir, esto es...
SUBORDINANTES	▪ Causales	porque, pues, así que, así pues, por lo tanto, por consiguiente...
	▪ Comparativas	como, tan...como, tanto/-a -os/-as...como igual... que, más/menos... que
	▪ Concesivas	aunque, bien que, por más que, si bien
	▪ Condicionales	si, en caso de que, siempre que, a poco que, a no ser que, salvo que...
	▪ Consecutivas	conque, luego, así que, de suerte que, de tal modo que, de tal manera que, de tal suerte que, por lo tanto...

	▪ Finales	para que, a que, a fin de (que)...
	▪ Completivas	que, si
	▪ Temporales	cuando, después de que, antes de que, mientras, apenas...
	▪ Modales	como, según...
	▪ Locativas	donde, adonde...

Cuando las conjunciones unen elementos del mismo nivel sintáctico, es decir, sin relación de dependencia sintáctica, hablaremos de conjunciones coordinantes. Estas unidades podrían existir individualmente y conservarían su sentido:

- *Ella es alta y rubia*: la conjunción está uniendo dos adjetivos que están al mismo nivel sintáctico.
- *Tengo poco tiempo, pero puedo hacerte el pastel*: la conjunción une dos oraciones del mismo nivel sintáctico, esto es, una no depende de la otra.

Cuando las conjunciones unen una palabra u oración con otra que depende de ella, hablamos de conjunciones subordinantes. La unidad dependiente, por sí misma, no tiene sentido completo:

- *Quiero que me digas la verdad*: la conjunción está uniendo “que me digas la verdad” con “quiero”, verbo del que depende.
- *Han salido los resultados, por lo tanto pueden presentar la reclamación*: la segunda oración depende de la primera dado que sin ella no tendría sentido.

Actividade resolta en galego

Indique se as palabras e estruturas que se ofrecen de seguido son adverbios, conxuncións ou preposicións (incluídas as locucións de cada tipo) e proporcione un sinónimo ou expresión equivalente: *hogano, abofé, malia que, deica, perante, a prol de, bardante, encol de, co gallo de, verbo de*:

- Adverbios: *hogano* (hoxe en día), *abofé* (xaora).
- Conxuncións e locucións conxuntivas: *malia que* (a pesar de que).
- Preposicións e locucións prepositivas: *deica* (ata, aínda que non son totalmente sinónimas), *perante* (en presenza de), *a prol de* (a favor de), *bardante* (excepto), *encol de* (enriba de), *co gallo de* (con motivo de), *verbo de* (en canto a).

Actividad resuelta en castellano

En las siguientes oraciones aparecen algunos usos incorrectos de las preposiciones desde el punto de vista normativo. Indique los errores:

- No se ponen de acuerdo en los temas a tratar. Es incorrecto; debe decirse: "... los temas que se van a tratar" o "... los temas que hay que tratar".
- Es seguro de que va a llegar tarde. Incorrecto. Es un caso de "dequeísmo"; la forma normativa es: "Es seguro que va a llegar tarde".
- Estoy completamente convencida que vamos a perder. Incorrecto; se trata de un error opuesto al anterior, un caso de "queísmo". La estructura correcta es: "Estoy completamente convencida de que vamos a perder".

Actividades propuestas en galego

S32. Realice as actividades sobre o adverbio que figuran nos enlaces seguintes:

<http://www.linguagalega.org/lingua/clasesdepalabras/adverbios/bloque1/identificar-e-clasificar.htm>

<http://www.linguagalega.org/lingua/clasesdepalabras/adverbios/bloque1/escoller.htm>

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfoloxia/adverbio.htm

S33. Localice e clasifique as conxuncións que aparecen no seguinte texto:

Mentres a tripulación realizaba as medicións, un número crecente de canoas fóronse achegando. Pescadores e curiosos das aldeas da ribeira viñan ver o que pasaba e aproveitaban para vender peixe fresco, carne e vexetais aos pasaxeiros. Malia a situación do barco, a vida debía continuar, a pasaxe tiña que comer e o negocio era o negocio.

NÚÑEZ SINGALA, M. *Camiños na auga*, Galaxia, Vigo, 2016. páx. 154.

Actividades propuestas en castellano

S34. Realice los ejercicios interactivos sobre el adverbio, preposición y conjunción que se proponen en el siguiente enlace:

http://teresadientedeleon.blogspot.com.es/2014/05/preposiciones-y-conjunciones_26.html

S35. Localice en el siguiente texto los adverbios y conjunciones:

El fuerte incremento de los alquileres también restringe la viabilidad de esta alternativa: alquilar una vivienda libre significaría para un joven que trabaja el 68,6 por ciento de su salario neto. Por tanto, es más caro para ellos alquilar que comprar, pero en los dos casos se exige un esfuerzo ímprobo por el obstáculo de no tener ingresos suficientes...

ESTEFANÍA, J. *Abuelo ¿Cómo habéis consentido esto? Los graves errores que nos han llevado a la era Trump*. Planeta, Barcelona, 2017. p. 72.

2.3 Semántica

Tal y como vimos en el módulo 2, las relaciones semánticas son las que se establecen entre palabras desde el punto de vista del significado.

Debemos recordar que el signo lingüístico está formado por un significante (fonema o conjunto de fonemas asociados con una idea) y un significado (contenido semántico relacionado con un significante).

Podemos diferenciar las siguientes:

▪ Identidad de significados	▪ Sinonimia
▪ Identidad de significantes	▪ Polisemia ▪ Homonimia
▪ Oposición de significados	▪ Antonimia

2.3.1 Sinonimia y antonimia

Las palabras que tienen un significado semejante son palabras sinónimas: *casa* y *morada*. Hay dos tipos de sinonimia:

Sinonimia total: poco frecuente porque es muy difícil que dos palabras sean intercambiables en todos los contextos: *este veneno es letal* / *Este veneno es mortífero*.

Sinonimia parcial: más común, puesto que dos palabras pueden ser sinónimas en algunos contextos, pero no en todos: *mi labor consiste en coordinar los distintos departamentos* / **Mi faena consiste en coordinar los distintos departamentos*.

En realidad, la mayoría de los lingüistas postulan que la sinonimia total no existe porque siempre hay un pequeño matiz que marque la diferencia entre palabras sinónimas.

Consideramos, pues, sinónimos parciales los siguientes grupos de palabras:

- Presentan el mismo significado en una acepción determinada, pero no en todas, y por ello no siempre son intercambiables: *memoria/recuerdo*.
- Presentan diferencia dialectal: *bonito/lindo*.
- Pertenecen a diferentes registros lingüísticos: *dinero/pasta*.
- Presentan diferencia de matiz o intensidad: *calor/bochorno*.

En la lengua gallega, como consecuencia de la situación de diglosia en la que vivimos desde hace siglos, encontramos un tipo de castellanismo consistente en que los términos propios fueron sustituidos por la palabra castellana, o bien la forma gallega vio restringido su significado para hacer referencia a la realidad que el hablante considera tradicional. Así, algunas personas utilizan la palabra *billa* para aludir al caño por donde sale el agua de una fuente y el castellanismo *grifo para hacer referencia al que está presente en sus domicilios.

Podemos mencionar otro tipo de castellanismo consistente en utilizar únicamente la palabra que coincide con el castellano en aquellos casos en que en gallego disponemos de dos sinónimos: *labio/beizo*.

Antonimia

La antonimia es una relación semántica entre dos o más términos cuyos significantes son distintos y cuyos significados son opuestos o contrarios. Debemos distinguir entre:

- Palabras complementarias: la oposición entre el significado de dos palabras no admite gradación, son totalmente incompatibles, la negación de una supone la afirmación de la otra : *sano/enfermo*, *encendido/apagado*, *muerto/vivo*.
- Antonimia gradual: representan grados entre los extremos opuestos de una escala: *blanco/gris/negro*; *mojado/húmedo/seco*.
- Palabras recíprocas: en una situación determinada un término implica al otro: *verno/suegra*; *comprar/vender*; *debajo/encima*.



2.3.2 Homonimia y polisemia

Dos palabras son homónimas cuando, siendo palabras diferentes y, por lo tanto, con distinto significado, se escriben o se pronuncian igual. Así ocurre, por ejemplo, con *jota* (nombre de letra) y *jota* (nombre de baile), o con *sabia* (mujer con muchos conocimientos) y *savía* (jugo que proporciona alimento a las plantas).

Algunas palabras homónimas, por ejemplo, *hola* y *ola*, son *homófonas* (se pronuncian igual), pero no *homógrafas*, ya que se escriben de distinta manera. Generalmente la homonimia se produce por coincidencias en la evolución de las palabras. Las palabras homónimas proceden siempre de étimos (palabras latinas o de otro origen) diferentes.

Cuando una palabra tiene varios significados, se dice que es *polisémica*. Por ejemplo, el término *sierra* significa, entre otras cosas, “cordillera de montañas” y “tipo de herramienta”.

Los distintos significados de una misma palabra se denominan *acepciones* y, por lo general, guardan alguna relación semántica entre sí. La mayoría de las palabras son polisémicas, por lo que, a menudo, para interpretarlas correctamente el hablante debe tener en cuenta el contexto y la situación.

El mejor instrumento para saber si estamos ante palabras homónimas o polisémicas es el diccionario. En el primer caso, aparecerán dos entradas diferentes; en el segundo, una única entrada.

2.3.3 Campo semántico y campos conceptuales

Llamamos campo semántico a un grupo de palabras (de la misma categoría gramatical) que están relacionadas por su significado. Ejemplo: el campo semántico de los vehículos está integrado por: *motocicleta*, *coche*, *furgoneta*, *camión*, *bicicleta*...

El significado de una palabra se divide en semas, también denominados rasgos semánticos. Así el significado silla constaría de los siguientes semas:

[asiento + con respaldo + para una persona]

El significado de banqueta comparte, de entre los semas anteriores, el primero, pero se diferencia en los siguientes:

[sin respaldo + para una o más personas]

Dentro del campo semántico la palabra que presenta el significado más genérico se denomina **hiperónimo** (en nuestro caso el hiperónimo sería *asiento*). Las palabras que tienen un significado más específico son los **hipónimos** (*silla*, *banqueta*, *sofá*, *poltrona*, etc.). Podemos diferenciar campos semánticos cerrados, esto es, aquellos a los que no se pueden incorporar nuevas unidades (los días de la semana, los meses del año...); campos semánticos abiertos, aquellos a los que sí se pueden incorporar nuevos elementos (plantas, animales etc.) y campos semánticos graduales, aquellos que establecen una gradación entre los elementos que los conforman (estados de ánimo, temperatura etc.).

Campos conceptuales

Son todas las palabras (de diferentes categorías gramaticales) que pueden estar relacionadas con una determinada palabra clave. Ejemplo, fútbol: delantero, portero, árbitro, tarjeta, entrada, chutar, gol, banderín, pitar, agresión, liga, apostar, quiniela, empate, derrota, épico, selección...

Actividad resuelta en castellano

Indique si las palabras propuestas son homónimas o polisémicas: *cabeza, carta, llama, gallina*:

- **Cabeza**: polisémica (parte del cuerpo, cabeza de ajo, cabeza de un alfiler).
- **Carta**: polisémica (correo, baraja, restaurante).
- **Llama**: homónimas: 1. Fuego 2. Animal.
- **Gallina**: polisémica (animal, cobarde).

Actividades propuestas en lingua galega

S36. Escriba os hiperónimos correspondentes a estas series de palabras:

Hipónimos	Hiperónimo
Nai, pai, avó, avoa, curmán, xenro, nora...	
Xudaísmo, cristianismo, mahometismo, budismo, animismo...	
A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, León, Zamora, Burgos, Xaén...	

S37. Indique se as seguintes palabras son homónimas ou polisémicas:

Polo	Lama
Faro	Faísca
Trono	Velar
Xema	Miolo
Rapaz	Dente

Actividades propuestas en lengua castellana

S38. Construya oraciones con las siguientes palabras ayudándose del diccionario: *baya/valla, hojear/ojear, nabal/naval, a/ha/ah*.

S39. Averigüe, utilizando el diccionario si lo necesita, si las siguientes palabras son antónimas o sinónimas: *lamento/gemido, crujido/chasquido, ignorante/culto, romo/puntiagudo, puntiagudo/afilado, terminar/comenzar, teórico/práctico*.

3. Resumo de contidos

Os **acentos** serven para marcar, en determinadas circunstancias, cal é a sílaba tónica dunha palabra, pero, amais, permiten diferenciar significados nos usos diacríticos. Galego e castelán presentan un inventario diferente; tampouco coinciden na consideración como ditongos ou hiatos de determinadas combinacións de fonemas.

Un texto cohesionado necesita dos **signos de puntuación**, unha ferramenta fundamental para estruturar e posibilitar a lexibilidade e entendemento dun escrito. O uso destes signos é practicamente idéntico en galego e castelán, coa excepción das marcas de interrogación e exclamación.

A morfoloxía é a disciplina que se ocupa da estrutura interna das palabras. Diferencia **palabras variables**, isto é, que presentan modificacións internas consonte os morfemas de xénero, número ou morfemas verbais, e **palabras invariables**, aquelas que non teñen ningunha modificación interna. Son palabras variables os sustantivos, adxectivos, verbos, determinantes e pronomes; son invariables o adverbio, preposición e conxunción.

O **substantivo** é a clase de palabras variable en xénero e número coa que damos nome a persoas, animais, cousas ou ideas. O **adxectivo**, tamén variable en xénero e número, indícanos as características do substantivo. Os **determinantes** son as palabras que presentan o substantivo (artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais).

Os **pronomes** son as palabras que nos permiten, ben facer referencia aos interlocutores dunha interacción comunicativa, ben substituír substantivos. O **pronome persoal** é a clase de palabras que nos serve para referírmonos ao emisor, ao receptor, a unha terceira persoa ou para substituír un substantivo. Diferenciamos formas tónicas e formas átonas. O **pronome relativo** posúe un valor relacional.

O **verbo** é a clase de palabras que nos permite expresar accións (malia a que pode ter outros valores). Os sistemas verbais do galego e castelán son bastante distintos, porque o segundo posúe tempos compostos (formados polo verbo *haber* e o participio do verbo principal), dos que o primeiro carece. En galego podemos conxugar o infinitivo. A estrutura formada por un verbo conxugado e unha forma infinita (infinitivo, xerundio ou participio) que posúe un significado unitario e unha función sintáctica conxunta denomínase **perífrase verbal**.

Adverbios, preposicións e conxuncións son palabras invariables, isto é, non

presentan morfemas de ningún tipo. Os primeiros modifican un verbo, un adxectivo ou outro adverbio fornecendo informacións diversas tales como lugar, tempo, modo, cantidade etc. Preposicións e conxuncions son elementos relacionais.

Un **campo semántico** está formado polo conxunto de palabras que se reparten unha área de significado. Tendo en conta o significado, diferenciamos palabras sinónimas, palabras antónimas, palabras polisémicas e palabras homónimas. Un **campo conceptual** está formado polas palabras pertencentes a diferentes categorías gramaticais que se relacionan cunha palabra clave.

4. Actividades complementarias

4.1 Actividades en lingua galega

S40. Acentúe e puntúe o texto que se ofrece a continuación (aparecen marcados os puntos):

Neste 2017 celébrase o bicentenario do nacemento de Antonio Fernandez Morales Astorga 1817 Cacabelos 1896 autor en 1861 de *Ensayos poeticos en dialecto berciano*, unha obra escrita en galego que se anticipou mesmo aos *Cantares Gallegos* de Rosalia. E dende hai anos un dos nomes que soan como homenaxeado no Día das Letras Galegas e de feito o pasado ano acompañou a Casares Carvalho Calero e Plácido Castro no cuarteto de finalistas.

O vindeiro sábado 17 de xuño Cacabelos acollera varios actos de celebración do 200 aniversario de Fernandez Morales organizados polo Grupo As Medulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo coa colaboración da Xunta de Galicia Concello de Cacabelos Consello Comarcal do Bierzo Instituto de Estudios Bercianos e La Moncloa.

As 11.30 horas comezaran os festexos coa lectura dos seus escritos na rua Santa Maria numero 16 a carón da casa na que Fernandez Morales viviu. Manuel Gonzalez Prieto membro do Grupo As Medulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo presentara o acto no que participaran Valentin Garcia secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Luis Alberto Arias e Gerardo Alvarez en representación do Consello Comarcal do Bierzo ademais de representantes do Concello de Cacabelos.

<http://praza.gal/cultura/14386/o-bierzo-celebra-o-bicentenario-do-nacemento-de-antonio-fernandez-morales/>

S41. Indique a categoría gramatical das palabras subliñadas no seguinte texto:

